

Tratamento da dor aguda

Guía práctica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago



Edición Bilingüe Galego/Castelán

Tratamento da dor aguda

Guía práctica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago



Edición Bilingüe Galego/Castelán

XUNTA DE GALICIA

Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra solo puede ser realizada con la autorización de sus titulares, salvo excepción prevista por la ley. Diríjase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, www.cedro.org) si necesita fotocopiar o escanear algún fragmento de esta obra.

© 2012 Ergon
C/ Arboleda, 1. 28221 Majadahonda (Madrid).
Pza. Josep Pallach, 12. 08035 Barcelona.

ISBN: 978-84-8473-994-4
Depósito Legal: M-7180-2012

AUTORES

Dra. Ana María Álvarez Castro

*Servizo de Aparato Dixestivo. CHUS
Servicio de Aparato Digestivo. CHUS*

Dr. Francisco Aneiros Peña

*Servizo de Anestesiología. CHUS
Servicio de Anestesiología. CHUS*

Dr. José Ramón Caeiro Rey

*Servizo de Traumatología
e Cirurxía Ortopédica. CHUS
Servicio de Traumatología
y Cirugía Ortopédica. CHUS*

Dr. José Javier Carceller Ruiz

*Servizo de Anestesiología. CHUS
Servicio de Anestesiología. CHUS*

Dra. Isabel Correa Orbán

*Servizo de Obstetricia e Xinecoloxía.
Hospital Virxe da Xunqueira
Servicio de Obstetricia y Ginecología.
Hospital Virxe da Xunqueira*

Dra. Sonia Fernández-Arruty Ferro

*Servizo de Urgencias. CHUS
Servicio de Urgencias. CHUS*

Dr. José Iglesias Canle

*Servizo de Aparato Dixestivo. CHUS
Servicio de Aparato Digestivo. CHUS*

Dra. María Jesús Lamas Díaz

*Servizo Farmacia, Unidade de Farmacia
Oncolóxica. CHUS
Servicio de Farmacia, Unidad de Farmacia
Oncológica. CHUS*

Dr. Luis León Mateos

*Servizo de Oncoloxía Médica. CHUS
Servicio de Oncología Médica. CHUS*

Dr. Francisco Javier López González

*Servizo de Neuroloxía. CHUS
Servicio de Neurología. CHUS*

Dra. Trinidad Lopez Renedo

*Unidade Hospitalización a Domicilio. CHUS
Unidad Hospitalización a Domicilio. CHUS*

Dra. Laura Losada Ares

*Servizo de Reumatoloxía. CHUS
Servicio de Reumatología. CHUS*

Dr. Julio Pardo Fernández

*Servizo de Neuroloxía. CHUS
Servicio de Neurología. CHUS*

Dña. Rosa María Pernas Martinez

*Servizo de Anestesiología e Reanimación.
Enfermeira da Unidade de Dor. CHUS
Servicio de Anestesiología y Reanimación.
Enfermera de la Unidad de Dolor. CHUS*

Dra. María Victoria Rial Munin

*Servizo de Anestesiología e Reanimación. CHUS
Servicio de Anestesiología y Reanimación. CHUS*

Dra. María Isabel Riobo Verdeal

*Servizo de Anestesiología e Reanimación. CHUS
Servicio de Anestesiología y Reanimación. CHUS*

Dr. Jaime Rodríguez García

*Servizo de Anestesiología e Reanimación. CHUS
Servicio de Anestesiología y Reanimación. CHUS*

Dr. Carlos Rodríguez Moreno

Servizo de Farmacoloxía Clínica. CHUS
Servicio de Farmacología Clínica. CHUS

Dr. Antonio Rodríguez Núñez

Servizo de Críticos e Urgencias Pediátricas. CHUS
Servicio de Críticos y Urgencias Pediátricas. CHUS

Dña. María Isabel Sánchez Penas

Enfermeira de Unidade de Hospitalización. CHUS
Enfermera de Unidad de Hospitalización. CHUS

Dña. María Belen Taboada Cutrin

Enfermeira de Unidade de Hospitalización. CHUS
Enfermera de Unidad de Hospitalización. CHUS

Dr. Fernando Tato Herrero

Servizo de Farmacoloxía Clínica. CHUS
Servicio de Farmacología Clínica. CHUS

Dra. Ana Tubío Pose

Servizo de Anestesioloxía e Reanimación. CHUS
Servicio de Anestesiología y Reanimación. CHUS

Dr. Luis Masa Vázquez

Unidade de Coidados Paliativos
e Hospitalización a Domicilio. CHUS
Unidad de Cuidados Paliativos
y Hospitalización a Domicilio. CHUS

Dra. Inmaculada Vidal Ferro

Servizo de Anestesioloxía e Reanimación. CHUS
Servicio de Anestesiología y Reanimación. CHUS

Tratamento da dor aguda
Guía práctica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago



Galego

XUNTA DE GALICIA

Encargado polo Comité da Dor do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago

Presidente: D. José Javier Carceller Ruiz

Secretaria: D^a M^a Isabel Riobo Verdeal

Vogais:

D. Francisco Javier López González
Servizo de Neuroloxía

D^a. María Jesús Lamas Díaz
Servizo de Farmacia

D^a. Trinidad López Renedo
Unidade de Hospitalización a Domicilio

D. Antonio Rodríguez Núñez
Servizo de UCI Pediátrica

D^a. Rosa María Pernas Martínez
Enfermeira Unidade de Dor

D. Luis León Mateos
Servizo de Oncoloxía Médica

D. Julio Pardo Fernández
Servizo de Neuroloxía

D. Lorenzo Redondo Collazo
Servizo de Pediatría

D^a. Elsa Betancort Martín
Servizo de Medicina Intensiva

D^a. Sonia Fernández-Arruty Ferro
Servizo de Urgencias

D. Fernando Tato Herrero
Servizo de Farmacoloxía Clínica

D^a. Isabel Sánchez Penas
Enfermeira Andar 4^aA

D^a. M^a Belén Taboada Cutrín
Enfermeira Andar 4^aB

Agradecemento a todos os participantes
Coa colaboración da industria farmacéutica (MENARINI).



PRESENTACIÓN

Os membros do Comité da Dor do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago queremos agradecer a colaboración desinteresada dos profesionais que participaron na edición deste manual, así como o apoio da industria farmacéutica na súa viabilidade. Tamén desexamos amosarlle o noso recoñecemento á Dirección do CHUS que nos alentou e nos facilitou en todo momento os medios necesarios para poder desenvolver as actividades propias do Comité.

É o noso propósito fundamental conseguir un hospital sen dor. Esta guía de actuación pretende ser un alicerce sobre o que se apoien os profesionais que estean involucrados na atención ao paciente no noso medio, para conseguir facer extensivo o propósito da analxesia xeneralizada e necesaria.

Pretendemos manter unha actualización o máis rigorosa posible, facendo partícipe a todo aquel que desexe colaborar na erradicación da dor dos nosos hospitais.

*Comité da Dor do
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago*

ÍNDICE

1. Introducción e conceptos xerais en dor	1
2. Farmacoloxía da dor	7
3. Protocolos de dor poscirúrxica	13
4. Analxesia obstétrica	19
5. Dor no ámbito da xinecoloxía	23
6. Prevención e tratamento da dor en pediatría	29
7. Dor no paciente ancián	35
8. Dor osteoarticular	41
9. Manexo da dor no paciente politraumatizado	49
10. Protocolo de tratamento da dor neuropática	53
11. Protocolo de actuación na dor torácica	57
12. Protocolo de actuación en dor de orixe dixestiva	63
13. Protocolo de actuación en cefaleas	67
14. Analxesia e sedación en pacientes oncolóxicos	71
15. Protocolo de actuación en dor refractaria	77
16. Manexo de catéteres e sistemas de analxesia poscirúrxicos	83
17. Actuación de enfermería fronte á dor no paciente hospitalizado e en CMA	87
18. Sedación en coidados paliativos	91
19. Guía farmacolóxica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	97
Índice de materias	103

1

INTRODUCCIÓN E CONCEPTOS XERAIS EN DOR

M.I. Riobo

INTRODUCCIÓN

A dor acompañou o home dende o principio dos tempos. Non en van, a dor é un dos mecanismos de relación do ser humano co medio que o rodea, xa que a dor forma parte dun sistema de alerta.

O tratamento inadecuado da dor ten consecuencias fisiolóxicas e psicolóxicas indesexables para o paciente, ademais de supoñer un aumento no gasto de recursos sanitarios e non sanitarios, sen esquecer que o compromiso ético de calquera profesional no ámbito da saúde é aliviar a dor e mitigar o sufrimento.

DEFINICIÓN

A IASP en 1979 (Merskey) establece a definición de dor como unha experiencia emocional e sensorial desagradable asociada a unha lesión tisular presente ou potencial ou que se describe en termos desta. O máis importante desta definición é que fixa dous compoñentes importantes:

- Un compoñente emocional onde a dor se fai consciente e que ten a particularidade da individualización xa que interveñen ou distinguimos tres dimensións: dimensión afectiva, dimensión cognitiva, dimensión sociocultural. Polo tanto, a dor non é o resultado final dunha transmisión pasiva de impulsos, senón que se trata dunha experiencia complexa, determinada, entre outros factores, pola historia pasada do individuo, pola situación en que se atopa, polas diferenzas sociais e socioculturais etc. É, xa que logo, esta natureza subxectiva e multidimensional da dor o que a fai difícil de medir e avaliar.

- Un compoñente sensorial, que transmite os impulsos dende a periferia ao SNC e que está constituído polo sistema nociceptor.

O **sistema nociceptor** está integrado dende a periferia no SNC polos seguintes compoñentes:

- **Receptores periféricos:** tamén coñecidos como nociceptores, son os que captan o estímulo e están distribuídos por todo o organismo.
- **Fibras aferentes primarias:** a delta (mielínicas) e C (amielínicas) son as que conducen o impulso nervioso xerado nos nociceptores ata a medula espiñal, circulan pola raíz posterior do nervio raquídeo e teñen o seu corpo neuronal no ganglio dorsal e, dende aquí, levan o impulso á medula espiñal, asta posterior, áreas do tracto de Lissauer e láminas de Rexed.
- **Tractos nociceptores ascendentes:** son os que conducen o estímulo dende a medula espiñal ata os centros superiores do SNC e son, entre outros, o feixe epinotalámico etc.
- **Centros superiores:** son os responsables da discriminación da dor nos seus compoñentes afectivo, cognitivo etc.
- **Sistemas moduladores** os cales inclúen, as fibras aferentes primarias, as sinapses intramedulares e os sistemas moduladores descendentes. Entre estes sistemas moduladores descendentes destacamos tres compoñentes: sistema opiáceo, sistema noradrenérxico, sistema serotoninérxico (5-HT).
- **Sistema de neurotransmisores e moduladores químicos:** distinguimos dous tipos de mediadores neuroquímicos:
 - Mediadores neuroquímicos excitadores: aminoácidos excitatorios como o glutamato e aspartato, os cales actúan sobre o receptor específico nmda. Substancia p. Substancia k (neuroquinina a). Colecistocinina etc.
 - Mediadores neuroquímicos inhibidores: opiáceos endóxeos (endorfinas, encefalinas, dinorfinas). Gaba. Serotonina (5-HT). Noradrenalina. Somatostatina.

AVALIACIÓN DA DOR

Existen múltiples modos para a avaliación da dor, pero quizais un dos máis interesantes dende un punto de vista de utilidade clínica, e de cara a establecer unha estratexia terapéutica, é avaliar os seguintes aspectos:

Duración da dor

Este é un dos aspectos fundamentais que hai que ter en conta e un dos caracteres que vai condicionar o seu tratamento.

Dor aguda

É aquela cuxa duración é menor de 3 meses, aínda que polo xeral dura menos dun mes. Esta definición meramente temporal, hoxe en día non é aceptable.

A IASP (Chapman 1986) define a dor aguda como aquela de recente comezo e duración probablemente limitada, que habitualmente ten unha relación temporal e causal cunha lesión ou enfermidade.

Polo tanto, a dor aguda é un síntoma e traduce unha lesión orgánica e desaparece cando ao fai a causa desencadeante, polo tanto, ten unha misión fisiolóxica e alerta o individuo dunha lesión ou de que algo vai mal. O obxectivo no tratamento da dor aguda é o alivio completo e a identificación da causa etiolóxica.

A dor aguda acompáñase dun estado anímico ansioso e desencadea unha resposta fisiopatolóxica ao estrés que afecta todos os órganos e sistemas e que, se non se trata, pode ter consecuencias degradadoras para o individuo. Adoita desaparecer coa curación do proceso etiolóxico, pero un tratamento inadecuado pode conducir a cadros de dor crónica persistente. Isto é moi evidente en determinados casos de dor aguda postoperatoria.

Dor crónica

É aquela de duración superior a tres meses, por contraposición á anterior. Non obstante, o factor tempo, aínda que é un criterio necesario, non é suficiente.

A IASP (Merskey, 1994) define a dor crónica como aquela dor que persiste tras a curación do proceso que a orixinou, ou que se asocia a un proceso patolóxico de curso crónico, ou que aparece recorrentemente durante meses ou anos.

A diferenza da dor aguda, a dor crónica é unha enfermidade per se e, aínda que será importante coñecer a etioloxía e actuar sobre ela, sempre debemos ofrecer un tratamento sintomático. Es la que non ten como obxectivo aliviala completamente, senón máis ben reducir a dor, recuperar a funcionalidade e restaurar o descanso nocturno. O tratamento da causa pasa a un segundo plano, posto que moitas veces esta é intratable (véxase o caso dunha neoplasia), outras veces xa desapareceu, como no caso da neuralxia posherpética, ou ás veces esta xa superou a zona anatómica primitiva, polo tanto, a causa é coñecida pero non sempre é resoluble.

Finalmente, a dor crónica repercute na propia personalidade do paciente, provocándolle alteracións do humor e da afectividade e o paciente tende á

depresión, ademais incide nas súas relacións sociais e laborais e na súa mesma liberdade, o que diminúe a súa resistencia á dor. A resposta orgánica á dor crónica, non está determinada polo estrés, senón que máis ben deriva dos cambios secundarios aos trastornos do sono e á inactividade, creando así a base para producir unha serie de cambios fisiolóxicos e psicolóxicos, que se convertan nunha parte integral do problema. En función da patoloxía de base podemos dividir a dor crónica en 2 tipos:

- Dor crónica maligna, asociada habitualmente a tumores.
- Dor crónica non maligna.

Mecanismo da dor

É moi importante porque nos vai condicionar a elección dos fármacos que se van utilizar.

Dor nociceptiva

É aquela que se produce pola activación dos nociceptores debida a estímulos nocivos, que poden ser mecánicos, térmicos ou químicos. Neste caso, o sistema nervioso permanece intacto e percibe e transmite os estímulos nocivos dun modo axeitado. Non é máis ca o resultado último da activación dun sistema sensorial específico, que abrangue nociceptores, vías ascendentes e córtex cerebral. Polo tanto, a dor nociceptiva é aquela forma de dor que se corresponde cunha axeitada resposta a unha serie de estímulos que producen dano ou lesión de órganos somáticos ou viscerais. Dentro da dor nociceptiva podemos distinguir dous tipos segundo os nociceptores estimulados:

- *Dor nociceptiva somática.* Os estímulos nociceptivos orixínanse na pel, tecido celular subcutáneo, mucosas (é o caso da dor somática superficial) ou no tecido osteoarticular (é o caso da dor somática profunda). En ambos os dous casos, adoita ser unha dor fixa e continua, xorda, habitualmente ben localizada, que reflicte a lesión subxacente e que adoita mellorar co repouso e exacerbarse co movemento.
- *Dor nociceptiva visceral.* A dor está mediada pola activación dos nociceptores viscerais. Os ditos nociceptores actívanse por estímulos mecánicos (distensión e tracción) ou por estímulos químicos (inflamación, isquemia).

Adoita ser mal localizada, profunda, constrictiva, en moitas ocasións é referida e asociada ao cortexo autónomo. Ademais, segundo estea ligada a vísceras macizas (fígado, bazo, páncreas etc.) ou ocas (vesícula, intestino,

uréter etc.) terá un matiz continuo ou de tipo cólico que variará a aproximación terapéutica.

Dor neuropática

É a dor motivada por unha lesión do sistema nervioso, xa sexa central ou periférica, e persiste moito despois de que o feito que a orixinou desapareza. Existe unha resposta anormal do sistema nociceptivo, de aí que en ocasións haxa unha ausencia total de relación entre a lesión causal e a dor.

A dor adoita describirse como queimante ou penetrante, os estímulos inocuos percíbense como dolorosos (alodinia) e ademais os pacientes adoitan queixarse de paroxismos, de sensacións eléctricas, con dor lancinante.

Dor psicóxena

Trátase dun cadro de dor en que non é posible identificar un mecanismo nociceptivo ou neuropático para a dor, pero que presenta importantes síntomas psicolóxicos asociados, para cumprir os criterios de dor somatiforme. A dor psicóxena debe de distinguirse da simulación. O simulador ten propósitos claros á hora de reproducir os síntomas: faltar ao traballo, diñeiro etc. En cambio os pacientes con dor psicóxena fan da enfermidade e da hospitalización o seu obxectivo principal e ser un paciente é a súa forma principal de vida.

Intensidade da dor

Finalmente, dende un punto de vista práctico, en todo paciente con dor debemos de avaliar a intensidade desta, o cal nos permite axustarnos ao modelo de chanzo analxésico da OMS, ao poder agrupar á dor en leve, moderada e intensa ou severa.

Para avaliar a intensidade da dor dispoñemos de diferentes métodos que, de modo global, podemos dividir en:

- **Métodos obxectivos.** Utilízanse con escasa frecuencia e, sobre todo, en investigación.
- **Métodos subxectivos.** Son os máis importantes, dado que a dor é unha experiencia subxectiva, só o propio paciente nos poderá dicir a súa intensidade. Utilízanse as escalas, que poden ser de diferentes tipos:
 - *Escalas unidimensionais*, son escalas cuantitativas, miden a dor dende unha única dimensión, que é a intensidade. Son moi útiles e frecuentemente utilizadas na clínica diaria; a máis coñecida é o VAS, que se puxo en medicina hospitalaria como a quinta constante vital. Neste grupo inclúense escalas verbais, numéricas, gráficas e analóxico visuais.

- *Escala analóxico visual (EVA, ou VAS)*: é moi sinxela, consta dunha simple liña na que nun extremo figura non dor e no extremo oposto, dor insupportable. O paciente marca sobre a liña un punto onde se atopa a súa dor, no dorso da liña podemos atopar o valor numérico correspondente á súa dor.
- *Escalas multidimensionais*, son escalas cualitativas, valoran máis variables ca a intensidade da dor, polo tanto, son máis complexas. Desenvolvéronse tomando como modelos cuestionarios usados no campo da psicoloxía e atenden aos tres compoñentes: sensorial, afectivo e cognitivo. Utilízanse sobre todo nas clínicas da dor para a avaliación da dor crónica e a máis coñecida é o cuestionario da dor de McGill (McGill Pain Questionnaire, MPQ) e o Brief Pain Inventory (BPI).

Pero tan importante como o tipo de escala é cando a debemos utilizar. A resposta é simple, sempre que fagamos a valoración da dor dun paciente, antes e despois de calquera manobra terapéutica e cada vez que o paciente é revisado na clínica da dor.

BIBLIOGRAFÍA

1. Borsook D, LeBel AA, McPeck B. Massachusetts General Hospital Tratamiento del Dolor. Marban Libros SL 1999.
2. Aliaga L, Baños JE, De Barutell C, Molet J, Rodriguez de la Serna A. Tratamiento del Dolor. Teoría y Práctica. Editorial MCR Barcelona 1995.
3. Donald Kanner MD, et al. Secretos del Tratamiento del Dolor McGraw-Hill Interamericana 1997.

2

FARMACOLOXÍA DA DOR

F. Tato Herrero, C. Rodríguez Moreno

ANTIINFLAMATORIOS NON-ESTEROIDEOS

Os fármacos antiinflamatorios non esteroideos (AINE), cuxo prototipo é a aspirina, son un grupo heteroxéneo de substancias que posúen propiedades antiinflamatorias, analxésicas e antipiréticas. A súa acción máis característica no ámbito bioquímico é a inhibición da cicloosixenasa (COX) e, polo tanto, impedir a síntese de prostaglandinas, prostaciclina e tromboxanos.

Clasificación

Os AINE pódense clasificar de acordo coa maior ou menor capacidade de inhibición de COX-1 e COX-2, en catro grupos: (1) selectivos de COX-1 (doses baixas de aspirina); (2) non selectivos (doses altas de aspirina, naproxeno, ácido mefenámico, ibuprofeno, nabumetona, indometacina, piroxicam, ketoprofeno, flurbiprofeno, azapropazona); (3) selectivos de COX-2 (ketorolaco, meloxicam, diclofenaco, nimesulida); (4) altamente selectivos de COX-2, denominados coxib (rofecoxib [retirado], celecoxib, etoricoxib) [1].

O paracetamol (acetaminofeno) e a dipirona (metamizol) posúen débiles propiedades antiinflamatorias en relación con outros AINE e están exentos de propiedades antiagregantes plaquetarias. Un e outro fármaco son considerados inhibidores débiles de COX-1 e COX-2.

Accións

É xeralmente aceptado que a acción antiinflamatoria dos AINE e posiblemente a maior parte da súa acción analxésica están relacionadas co efecto inhibidor de COX-2. É especial a súa efectividade sobre as dores de orixe noci-

ceptiva, en especial se existe un compoñente inflamatorio. A maior parte dos AINE iniben as formas constitutiva (COX-1) e inducida (COX-2) do encima* presentando diferentes ratios inhibitorias COX-1/COX-2. Mentres os seus perfís terapéuticos (analxésicos, antiinflamatorios, antitérmicos) salvo os relacionados co efecto antiagregante plaquetario, son comúns á maioría dos AINE, os efectos adversos (toxicidade dixestiva, risco cardiovascular) están relacionados coa maior ou menor selectividade inhibitoria sobre as dúas isoziimas de COX.

Trastornos dixestivos

Os efectos adversos dixestivos son os máis frecuentes e está probada a relación causal entre AINE e o ulcus gastroduodenal, a hemorraxia dixestiva alta e a perforación (sobre todo en pacientes maiores de 60 anos, naqueles con comorbilidade dixestiva ou o uso concomitante de fármacos que aumenten o risco de complicacións gastrointestinais). Os AINE cunha razón COX-2/COX-1 menos favorable son os que presentan unha maior propensión a producir toxicidade dixestiva. Seguindo unha progresión de maior a menor risco de produción de hemorraxia dixestiva alta, expresado como risco relativo (intervalo de confianza -IC90%-), atópanse: ketorolaco, 24,7 [8,0-77,0]; piroxicam, 15,5 [10,0-24,2]; naproxeno, 10,0 [5,7-17,6]; indometacina, 10,0 [4,4-22,6]; ketoprofeno, 10,0 [3,9-25,8]; ácido acetilsalicílico, 8,0 [6,7-9,6]; meloxicam, 5,7 [2,2-15,0]; dexketoprofeno, 4,9 [1,7-13,9]; diclofenaco, 3,7 [2,6-5,4]; ibuprofeno, 3,1 [2,0-4,9]; aceclofenaco, 1,4 [0,6-3,3] [2].

A aparición dos inhibidores máis selectivos de COX-2 permitiu supoñer unha mellor tolerancia no eido gastrointestinal, pero non se cumpriron as expectativas inicialmente optimistas, probablemente debido ao efecto inibidor de COX-1 asociado e a que a inhibición de COX-2 non está exenta de efectos adversos dixestivos.

Risco cardiovascular

Os acontecementos aterotrombóticos (sobre todo infarto de miocardio e ictus) están relacionados coa inhibición de COX-2; por outro lado, a inhibición

*A forma constitutiva (COX-1) exprésase na maioría dos tecidos, participa na homeostase tisular e promove a síntese de prostaglandinas implicadas, entre outros, en: citoprotección gástrica, agregación plaquetaria, regulación hemodinámica e hidoelectrolítica renal, comezo do parto etc. A COX-2 é inducida nas células inflamatorias cando se activan por bradicinina, citocinas inflamatorias (interleucina IL-1, IL-8 ou o factor de necrose tumoral alfa (TNF- α)); non obstante, existen formas constitutivas do encima no cerebro e no ril.

de COX-1 ou COX-2 reduce a influencia vasodilatadora e trombolítica da prostaciclina (PGI_2 endotelial), pero a acción antiagregante plaquetaria dos AINE tradicionais –na súa maioría cun efecto inhibitor preferente sobre COX-1– reduce comparativamente o risco trombótico. A hipertensión arterial consecutiva en boa medida á afectación renal estaría asociada tamén á inhibición dun ou doutro enzima [3]. O risco cardiovascular dos AINE verase incrementado pola comorbilidade cardiovascular e a idade.

Nun estudo dunha cohorte de consumidores de AINE entre 40 e 84 anos con 630.044 pacientes-ano ata o primeiro infarto de miocardio, atopouse un aumento de risco nos consumidores recentes de coxibs: $\text{HR}^* = 2,11$ (IC95% 1,04 a 4,26); e de AINE selectivos de COX-2 (meloxicam, diclofenaco, etodolaco): $\text{HR} = 2,24$ (IC95% 1,13 a 4,42); pero non para o resto de AINE tradicionais: $\text{HR} = 1,33$ (IC95% 0,79 a 2,24) [4]. Noutro estudo con respecto aos AINE tradicionais máis empregados, o risco (en risco relativo -RR- [IC95%]) de eventos vasculares (definidos como infarto de miocardio, ictus ou morte vascular) fronte a placebo (diclofenaco, $\text{RR} = 1,63$ [1,12-2,37]; ibuprofeno $\text{RR} = 1,51$ [0,96-2,37]); naproxeno, $\text{RR} = 0,92$ [0,67-1,26]) ou coxibs (diclofenaco ou ibuprofeno, $\text{RR} = 1,14$ [0,89-1,15]; naproxeno, $\text{RR} = 0,64$ [0,49-0,83]) é maior con diclofenaco ou ibuprofeno que con naproxeno [5], pero non pode deducirse un efecto protector deste último.

ANALXÉSICOS OPIÁCEOS

Os opiáceos constitúen a pedra angular do tratamento da dor. A morfina, heroína e outros opiáceos exercen os seus efectos ao imitar os de substancias naturais endóxeas denominadas péptidos opiáceos endóxeos ou endorfinas**, que son os ligandos naturais dos receptores opiáceos.

Tipos de analxésicos opiáceos

Dependendo da súa afinidade polos receptores opiáceos, clasifícanse en agonistas puros, agonistas parciais, agonistas antagonistas e antagonistas. Os agonistas puros (morfina -o estándar-, fentanilo e derivados, metadona, petidina, codeína, tramadol) activan receptores μ e moito menos

**HR: Hazard ratio. É equivalente ao risco relativo (RR), útil cando o risco non é constante con respecto ao tempo. **É ben coñecida a súa participación nas respostas inhibitoras a estímulos dolorosos, na regulación das funcións gastrointestinais, endócrina e do sistema nervioso autónomo, a súa potente influencia nas.*

receptores κ e a maior parte dos analxésicos opiáceos empregados en clínica pertencen a este grupo. Os agonistas parciais (por exemplo, buprenorfina) únense tamén cos receptores μ , pero o seu efecto analxésico máximo é menor. Os agonistas-antagonistas mixtos (pentazocina) caracterízanse por ser agonistas completos dos receptores κ e activar só parcialmente ou bloquear receptores μ . Por último, os antagonistas bloquean de forma máis ou menos específica os receptores opiodes e utilízanse sobre todo na intoxicación aguda de agonistas opiáceos (naloxona) ou na deshabitación de pacientes con adicción a opiodes (naltrexona).

Accións

Os seus efectos están mediados polo estímulo dos receptores opiáceos. Son depresores do sistema nervioso central e poden producir –en función, sobre todo, da súa actividade agonista dos receptores μ (μ)– depresión respiratoria, bradicardia, sono e coma. Estimulan en diferente grao a zona quimiorreceptora da área postrema e incrementan a sensibilidade vestibular, producen miose (salvo petidina) e manifestan acción antitusixena; sobre o tracto dixestivo posúen un efecto inhibitor da actividade peristáltica e incrementan o ton das vías biliares; producen retención urinaria. Dan lugar a diferentes graos de tolerancia e dependencia física. Os efectos analxésicos son debidos á interferencia que exercen sobre a función nociceptiva. O estímulo dos receptores opiáceos, especialmente os receptores μ e κ , reduce a actividade neuronal e a liberación de neurotransmisores excitadores, tanto nas vías ascendentes da transmisión da dor coma sobre as descendentes inhibitoras. Independentemente de que os efectos sobre o sistema nervioso central sexan os responsables da maior parte dos seus efectos, tamén actúan sobre os nociceptores, o que explica a súa eficacia na dor producida pola inflamación.

A característica distintiva do alivio da dor producida polos opiáceos, en contraste coa acción analxésica dos AINE, é que reducen o compoñente afectivo da dor, o que contribúe en boa medida a unha mellor resposta analxésica, ademais de ser efectivos tanto sobre a dor visceral coma sobre a somática. En relación cos AINE, presentan unha actividade analxésica maior. A codeína e o tramadol, ao ter unha menor actividade agonista ca morfina sobre os receptores μ , presentan unha menor eficacia analxésica; a miúdo asóciáanse á terapia con AINE. Xunto coas características farmacocinéticas dos analxésicos opiáceos, as circunstancias fisiolóxicas e a idade determinan unha gran variabilidade na resposta clínica.

Reaccións adversas e precaucións

Os analxésicos opiáceos producen un amplo espectro de efectos adversos, na súa maioría previsibles, e son o resultado do seu mecanismo de acción. Os máis frecuentes son os dixestivos* (como náuseas, vómitos e estrinximento) e os máis perigosos, os que afectan a función respiratoria (depresión respiratoria** por acción directa sobre os centros encefálicos que leva consigo unha diminución na resposta ao dióxido de carbono); outros consisten en embotamento, disforia, prurito, aumento da presión das vías biliares, retención urinaria e hipotensión.

Débase considerar a integridade da barreira hematoencefálica no acabado de nacer e noutras situacións. Os derivados lipofílicos producirán efectos máis constantes. Nos anciáns, a duración da acción adoita ser maior. É unha observación común que as persoas con dor intensa toleran doses maiores de morfina.

Deben empregarse con precaución en pacientes con insuficiencia respiratoria (enfisema, cifoescoliose, obesidade importante) e en pacientes con déficits endócrinos (enfermidade de Addison, hipotiroidismo, panhipopituitarismo). Dada a posibilidade destes axentes de incrementar a presión intracranial, debe considerarse a presenza de condicións que a aumenten. A liberación de histamina pola morfina pode provocar asma en persoas susceptibles e vasodilatación; o grupo do fentanilo non os provoca. Débase ter en conta tamén que os pacientes con redución do volume sanguíneo son moito máis susceptibles para o efecto hipotensor da morfina e fármacos afíns. O tramadol esta contraindicado en pacientes epilépticos.

BIBLIOGRAFÍA

1. Frolich JC. A classification of NSAIDs according to the relative inhibition of cyclooxygenase isoenzymes. *Trends Pharmacol Sci* 1997;18(1):30-4.
2. Laporte JR, Ibáñez L, Vidal X Vendrell L, Leone R. Upper gastrointestinal bleeding associated with the use of NSAIDs: newer versus older agents. *Drug Saf* 2004;27(6):411-20.

*As náuseas e os vómitos poden reducirse coa posición en decúbito e previrse con antieméticos como droperidol, proclorperacina, metoclopramida. A administración continua produce tolerancia.

**Aumenta co sono e contrárase coa dor; poténsiase con outros depresores do sistema nervioso central, comprendendo os antidepressivos; todos os efectos depresores sobre a respiración son revertidos polos antagonistas. A aparición de tolerancia á depresión respiratoria é lenta (tarda meses) e nunca é completa.

3. Swan SK, Rudy DW, Lasseter KC, et al. Effect of cyclooxygenase-2 inhibition on renal function in elderly persons receiving a low-salt diet. A randomized, controlled trial. *Ann Intern Med* 2000;133:1-8.
4. Hammad TA, Graham DJ, Staffa JA, Kornegay CJ, Dal Pan GJ. Onset of acute myocardial infarction after use of non-steroidal anti-inflammatory drugs. *Pharmacoe-pidemiol Drug Saf* 2008;17(4):315-21.
5. Kearney PM, Baigent C, Godwin J, Halls H, Emberson JR, Patrono C. Do selective cyclo-oxygenase-2 inhibitors and traditional non-steroidal antiinflammatory drugs increase the risk of atherothrombosis? Meta-analysis of randomised trials. *BMJ* 2006;332:1302-1308.

3

PROTOCOLOS DE DOR POSCIRÚRXICA

J. Rodríguez

DEFINICIÓN

É a dor que presenta un paciente despois de ser intervido cirurxicamente. Clasicamente considérase como aguda aquela cuxa duración non supere os 7 días de postoperatorio. Considérase dor crónica postoperatoria aquela cuxa duración excede o mes de postoperatorio.

TRATAMENTO DE DOR AGUDA POSTOPERATORIA

O tratamento da dor, xa sexa aguda ou crónica, considérase hoxe en día un dereito humano universal.¹ O tratamento da dor –neste caso, dor aguda postoperatoria– é un tratamento barato que moitas veces non se implanta por falta de liderado ou de concienciación dos profesionais e dos xestores dos centros hospitalarios.

Como única xustificación para o tratamento da dor aguda postoperatoria abondarían as razóns humanitarias. Non obstante, existen outras razóns (económicas) para desenvolver un plan de tratamento da dor aguda postoperatoria. Hoxe sabemos que se pode acelerar a recuperación postoperatoria dos pacientes cirúrxicos cando a súa dor é correctamente tratada. Diminúese a duración do ileo paralítico tras cirurxía abdominal² e as complicacións respiratorias postoperatorias, así como a duración da hospitalización poscirúrxica cando se empregan técnicas analxésicas, sobre todo de tipo rexional (analxesia epidural e analxesia perineural).³ Algúns atoparon mellores resultados tras a rehabilitación despois de cirurxía ortopédica, tamén cando se empregan técnicas rexionais.⁴ Ademais, o perfil e a incidencia de efectos secundarios do tratamento analxésico é máis favorable cando se

empregan técnicas de analgesia rexional en lugar de opiáceos por vía parenteral. Actualmente estamos asistindo á expansión incipiente das técnicas analxésicas rexionais perineurais no ámbito da cirurxía ambulatoria, coas que o paciente é enviado á súa residencia cunha analgesia intensa e segura tras cirurxías con postoperatorio doloroso que antes obrigaba ao ingreso hospitalario para o seu control.⁵

IMPLANTACIÓN DE PROTOCOLOS DE TRATAMENTO DA DOR AGUDA POSTOPERATORIA

Todos coñecen que a percepción ou sensibilidade á dor presenta unha gran variación interindividual. Non obstante, a dor aguda postoperatoria presenta unha serie de características que facilitan o seu manexo de modo estandarizado. É unha dor que, en lugar de ir in crescendo, tipicamente é máis intensa no postoperatorio inmediato e a súa intensidade vai decrecendo dun modo máis ou menos predicible ao longo dunha recuperación postoperatoria non complicada. Ademais, os médicos, cirurxiáns e anestesiólogos saben que certas intervencións cirúrxicas adoitan cursar cunha dor aguda postoperatoria máis intensa ou máis prolongada ca outras. É posible, polo tanto, programar un plan analxésico que vaia de máis a menos no tempo, axustado ao tipo de intervención a que se someteu o paciente (é dicir, á intensidade e á duración da dor aguda postoperatoria prevista). Filosoficamente poderíamos estar a falar dunha profilaxe cirúrxica analxésica para previr ou limitar a incidencia da dor aguda postoperatoria severa.

Á hora de establecer un plan para o tratamento da dor aguda postoperatoria, debemos fixarnos un obxectivo clínico para conseguir, é dicir, tratar de manter a dor aguda postoperatoria dentro duns límites tolerables.^{5,6} Para iso é imprescindible valorar de modo sistemático a dor aguda postoperatoria mediante algunha das escalas validadas (escala analxésica visual, escala verbal simple, escala de Wong-Baker das caras, etc.). O obxectivo será sempre manter a puntuación na escala de valoración da dor por debaixo dun valor determinado, de modo que se emprendan intervencións analxésicas previamente protocolizadas cando esta puntuación supere ese valor. O persoal de enfermería responsable da dor aguda postoperatoria (cada centro debe de delimitar esas funcións segundo as súas propias características) debe de contar con instrucións precisas para axustar o tratamento analxésico pausado e a implantación de analgesia de rescate. Ademais de programar o tratamento analxésico correspondente, débese de contar con protocolos de

actuación ante os posible efectos secundarios e/ou complicacións do tratamento analxésico. Deste modo, a enfermería pode manexar de modo satisfactorio e seguro unha gran cantidade de pacientes sen necesidade de recorrer á consulta ou ao apoio do facultativo de modo frecuente.

No noso centro, nós consensuamos unha serie de protocolos analxésicos que están dirixidos á poboación cirúrxica adulta que xulgamos en risco de experimentar dor aguda postoperatoria de intensidade moderada ou severa. En todos os casos, a abordaxe é multimodal, tratando de fomentar sinerxías farmacolóxicas.⁵ Os devanditos protocolos teñen un axuste de dosificación segundo a idade, cunha redución da dose a partir dos 65 anos de idade e o seu contido está pactado co Servizo de Farmacia do centro. Dispoñemos dun módulo analxésico básico, destinado principalmente aos pacientes que se supoñen en risco de experimentar dor aguda postoperatoria de intensidade moderada e que calquera médico do centro pode pautar. Para os pacientes nos que se prevexa dor de intensidade severa, o anestesiólogo responsable do seu quirófano pode implantar un módulo analxésico intravenoso, con bomba de infusión de morfina en réxime de PCA (patient controlled analgesia), ou un módulo analxésico epidural (paciente portador de catéter epidural torácico ou lumbar), ou ben un módulo analxésico perineural (paciente portador de catéter perineural), ambos os dous tamén con posibilidade de PCA. No caso de PCA de morfina IV non se deixa infusión basal e é o paciente o que se autoadministra pequenos bolos prefixados de morfina dentro dunhas marxes de seguridade prefixadas e protocolizadas. No caso dos PCA epidural e perineural, mantense unha infusión basal, ademais da posibilidade de autoadministración de bolos polo paciente no caso de precisar máis analxesia.

PROTOCOLOS ANALXÉSICOS EN DOR AGUDA POSTOPERATORIA

A continuación, móstranse os módulos analxésicos utilizados no noso centro, así como o protocolo de tratamento de efectos secundarios.

Dor aguda. Servizo de Anestesioloxía. Hospital Clínico Universitario de Santiago

Módulo analxésico básico (2 días)

- Paracetamol 1 g/6 h IV (non se paciente hepatópata ou alerxia ao fármaco), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir a 1 g/8 h.

- Dexketoprofeno 50 mg/8 h IV (non se alerxia ao fármaco ou insuficiencia renal), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir 50 mg/12h. Se alerxia ao fármaco, considerar ketorolaco ou metamizol como alternativas.
- Rescate, se dor non se controla: tramadol 100 mg en 100 mL de salino IV lento (máximo cada 6 h). Se o paciente é maior de 65 anos, reducirase a 50 mg (1/2 ampola)/6 h.

Módulo analxésico de PCA IV de morfina (2 días)

- Paracetamol 1 g/6 h IV (non se paciente hepatópata ou alerxia ao fármaco), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir a 1 g/8 h.
- Dexketoprofeno 50 mg/8 h IV (non se alerxia ao fármaco ou insuficiencia renal), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir a 50 mg/12 h. Se alerxia ao fármaco, considerar ketorolaco ou metamizol como alternativas.
- PCA IV de morfina (1 mg-0 mg/h-10')
- Engadir profilaxe intraoperatoria na indución con dose única de dexame-tasona 4 mg IV e, posteriormente, ondansetrón 4 mg/24h IV.
- Se náuseas non se controlan, ondansetrón 4 mg/8h IV.
- Non se fará rescate con tramadol nos portadores de PCA IV de morfina.

Módulo analxésico de PCA epidural (2 días)

- Paracetamol 1 g/6 h IV (non se paciente hepatópata ou alerxia ao fármaco), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir a 1 g/8 h.
- Dexketoprofeno 50 mg/8 h IV (non se alerxia ao fármaco ou insuficiencia renal), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir a 50 mg/12 h. Se alerxia ao fármaco, considerar ketorolaco ou metamizol como alternativas.
- Rescate, se dor non se controla: tramadol 100 mg en 100 mL de salino IV lento (máximo cada 6 h). Se o paciente é maior de 65 anos, reducirase a 50 mg (1/2 ampola)/6 h.
- PCA epidural (5 mL-3 mL/h-30') de bupivacaína 0,1%-fentanilo 2 µg/mL-adrenalina 1/400.000

Módulo analxésico de PCA perineural (2 días)

- Paracetamol 1 g/6 h IV (non se paciente hepatópata ou alerxia ao fármaco), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir a 1 g/8 h.

- Dexketoprofeno 50 mg/8 h IV (non se alerxia ao fármaco ou insuficiencia renal), teña ou non teña dor. En suxeitos maiores de 65 anos, reducir a 50 mg/12 h. Se alerxia ao fármaco, considerar ketorolaco ou metamizol como alternativas.
- Rescate, se dor non se controla: tramadol 100 mg en 100 mL de salino IV lento (máximo cada 6 h). Se o paciente é maior de 65 anos, reducirase a 50 mg (1/2 ampola)/6 h.
- PCA perineural (5 ml-5 ml/h-30') de L-bupivacaína 0,125%.

Se houbese algún problema técnico co catéter, coa bomba electrónica ou elastomérica, avisarase ao persoal de enfermería da dor aguda en horario matutino. Polas tardes e pola noite, pasarase a módulo analxésico básico.

En caso de efectos secundarios ocasionados polo réxime analxésico, seguirase o protocolo de tratamento de efectos secundarios.

Protocolo de tratamento de efectos secundarios de analxesia postoperatoria en planta en adultos

Se náuseas/vómitos

- Ondansetrón 4 mg IV lento cada 8 h.
- En caso de cirurxía abdominal, se persiste tras 2 doses de ondansetrón, é recomendable consultalo co servizo cirúrxico correspondente.

Se prurito severo

- Difenhidramina 30 mg IV lento.

Se frecuencia respiratoria $\leq 8/\text{min}$ ou sedación excesiva

- Naloxona 0,02 mg (1/2 ampola) IV en bolus.
- Suspende PCA.
- Avisar o anestesiólogo de garda.

Se retención urinaria

- Suspende infusión epidural se a ten e pasar a módulo básico.
- Sondaxe evacuadora progresiva.

Se parálise completa prolongada (> 4 h) en caso de analxesia epidural

- Suspende a infusión epidural durante 4 h e, se non se recupera, avisar o anestesiólogo de garda. Reiniciar despois a infusión se procede ou pasar a módulo analxésico básico.

Se parálise prolongada (> 24 h) no caso de analgesia perineural

- Suspende infusión durante 4 h e, se non se recupera, avisar o anestesiólogo de garda. Reiniciar a infusión se procede ou pasar a módulo analxésico básico.

Retirada de catéter epidural ou perineural

Se o paciente está a recibir heparinas de baixo peso molecular (clexane, fragmine, fraxiparina, hibor) cada 24 h, retiraraas enfermería mediante tracción suave, polo menos 12 h despois da última dose de heparina de baixo peso molecular e polo menos 10 h antes da seguinte dose. A retirada do catéter epidural farase co paciente en decúbito lateral e coa súa columna lumbar flexionada.

Dado que a maioría dos catéters non se manterán máis de dous días, non é necesario facer curas rutineiras no seu lugar de inserción.

No caso de recibir dúas doses diarias de heparinas de baixo peso molecular, consultar o anestesiólogo de garda. En caso de recibir ticlopidina, clopidogrel, heparina sódica IV, Sintrom, consultar o anestesiólogo de garda.

BIBLIOGRAFÍA

1. <http://www.hrw.org/en/2008/10/09/governments-should-improve-access-pain-treatment>
2. Liu S, Wu CL. Effect of postoperative analgesia on major postoperative complications: a systematic update of the evidence. *Anesth Analg* 2007;104;3: 689-702.
3. Popping DM, Elia N, Marret E, Remy C, Traner MR. Protective effects of epidural analgesia on pulmonary complications after abdominal and thoracic surgery: a meta-analysis. *Arch Surg* 2008;143:990-9.
4. Capdevila X, Dadure C, Bringuier S, Bernard N, biboulet P, Gaertner E, Macaire P. Effect of patient-controlled perineural analgesia on rehabilitation and pain after ambulatory orthopedic surgery. *Anesthesiology* 2006;105:566-73.
5. Breivik H. How to implement an acute pain service. *Best Pract Res Clin Anaesthesiol* 2002;16:527-47.
6. Postoperative Pain Management-Good Clinical Practice. General recommendations and principles for succesful management. European Society of Regional Anaesthesia and Pain Therapy.

4

ANALXESIA OBSTÉTRICA

A. Tubío Pose, F. Aneiros Peña

No parto prodúcese unha dor aguda intensa desencadeada por estímulos nociceptivos (viscerais e somáticos) que presentan unha gran variabilidade interindividual e ao longo deste. O padecemento desta dor non demostrou ningún beneficio para a nai ou para o neno. As técnicas de analxesia deben de cumprir dúas premisas básicas: a primeira, non interferir no binomio nai-fillo e, a segunda, producir unha mínima repercusión no desenvolvemento do traballo de parto.

LOCORREXIONAL

As técnicas locorrexionais demostraron ser as máis eficaces e seguras para o control da dor periparto. Nelas incluímos a analxesia epidural e a combinada espiñal-epidural.

- Indicacións:
 - Dor¹.
- Contraindicacións:
 - Rexeitamento da nai.
 - Coagulopatía ou trombopenia (aconséllase recuento de plaquetas superior a 100.000)¹.
 - Lesións neurolóxicas ou situacións de hipertensión intracranial (masas ocupantes de espazo etc.) e historia de meninxite recente (último ano).
 - Infección en pel ou tecidos subxacentes do lugar de punción ou sepsis xeneralizada.

Táboa I

	DOSE INICIAL	PERFUSIÓN (PCA)
Epidural	Bolo de 8 ml de L-bupivacaína ao 0,125%+40 µg de fentanilo	• L-bupivacaína (1 mg/ml)+ fentanilo (2 µg/ml) a 8 ml/h • 3 ml/h bolo a demanda cada 30 min
Combinada espinal-epidural	2 mg de L-bupivacaína+15 µg de fentanilo(dose intratecal)	Igual ca epidural

Técnica epidural

Indícase a colocación de catéter epidural naquelas xestantes que inician dinámica de parto e unha maduración cervical suficiente,¹ aínda que tamén se acepta a realización de epidural naqueles casos que aínda sen cumprir estes criterios presentan un parto moi doloroso e prolongado ou dilatación con lenta progresión.

No noso hospital, utilízase un set de agulla Tuohy 18 G e catéter 20 G. Mediante a técnica de perda de resistencia, localízase o espazo epidural e introdúcese entre 3-5 cm de catéter neste. Tras comprobar a ausencia de líquido cefalorraquídeo ou sangue, adminístrase dose test con 40 mg de lido-caína ao 2% para descartar punción intravascular accidental ou migración intradural de catéter. Tras a dose inicial, empézase coa perfusión mediante PCA (analxesia controlada polo paciente) segundo se indica na táboa 1.

Técnica combinada espinal-epidural

Esta modalidade permite a administración dunha dose de anestésico local intratecal que permite unha axeitada analxesia durante as primeiras etapas do parto e permite, asemade, a deambulación, se fose posible, da paciente. Sería considerada de elección naqueles casos de xestantes múltiples con rápida progresión da dilatación, pois a instauración do bloqueo tería lugar en menos tempo ca coa epidural; non obstante, levaría consigo unha maior incidencia de prurito² asociada ao uso de opiáceos, sen que haxa unha diferenza significativa en canto ao grao de satisfacción materna ou un incremento de partos instrumentalizados ou cesáreas.²

O catéter e a agulla epidural son as mesmas ca as descritas na epidural convencional, aínda que a agulla intrarraquídea será de tipo sprotte e de calibre 27 G. Localízase en primeiro lugar o espazo epidural e, a través da agulla de Touhy, realízase a punción da duramáter ata alcanzar o espazo

subaracnoideo, momento en que se infunde a dose intratecal de anestésico local (Táboa 1). A continuación colócase o correspondente catéter en espazo epidural e comézase a perfusión a través deste por PCA como se mostra na táboa 1.

ANALXESIA INTRAVENOSA

Na actualidade, a analxesia intravenosa é a alternativa terapéutica naqueles casos nos que non se poden realizar técnicas locorrexionais ben por estar contraindicada ou por rexeitamento da xestante.

Fundamentalmente, utilízanse opiáceos para analxesia intravenosa e a meperidina e remifentanilo son os máis amplamente utilizados. Os opiáceos atravesan a placenta, polo que potencialmente poden producir sedación importante e depresión respiratoria tanto materna como fetal. O rápido metabolismo do remifentanilo e a utilización de sistemas electrónicos para a administración de fármacos fai que sexa o fármaco de elección proporcionando unha analxesia axeitada para o traballo do parto:³

Infusión mediante PCA de 0,05 mcg/kg/min. e bolos a demanda de 30 mcg cada 4 minutos.

BIBLIOGRAFÍA

1. Practice guidelines for obstetrical anesthesia. An update report by the American Society of Anesthesiologists Task Force on Obstetrical Anesthesia. *Anesthesiology* 2007;106(843-63).
2. Simmons SW, Cyna AM, Dennis AT, Hughes D. Combined spinal-epidural versus epidural analgesia in labour Cochrane Database System Review 2007 Jul 18;(3): CD003401.
3. Evron S, Glezerman M, Sadan O, Boaz M, Ezri T. Remifentanil: a novel systemic analgesia for labor pain. *Anesthesia & Analgesia* 2005 Jan;100(1)233-8.

5

DOR NO ÁMBITO DA XINECOLOXÍA

I. Correa Orbán

As dores pélvicas aguda, cíclica e crónica caracterizan unha gran proporción de queixas xinecolóxicas. A dor aguda é intensa, con inicio repentino, incremento agudo e evolución curta. A dor cíclica refírese a aquela que acompaña o ciclo menstrual. A dismenorrea ou menstruación dolorosa é a forma máis frecuente de dor cíclica e clasifícase en primaria ou secundaria segundo a enfermidade anatómica acompañante. A dor pélvica crónica é aquela que ten máis de seis meses de duración.

En tanto a dor aguda acontece a miúdo acompañada de reaccións reflexas autónomas profundas, como náuseas, vómitos e diaforese, estas non se atopan en caso da dor pélvica crónica; así como os signos de inflamación e infección, como febre e leucocitose, que tampouco acompañan a dor de máis de seis meses de duración.

DOR AGUDA

É importante a valoración dos antecedentes menstrual, sexual e anti-conceptivo, o mesmo ca das enfermidades de transmisión sexual e dos trastornos xinecolóxicos previos.

Embarazo ectópico

Implantación da xestación fóra da cavidade uterina (95% tubárico). É típica a amenorrea de 6-8 semanas, con hemorraxia vaginal. Dor en foxa ilíaca producida pola dilatación aguda da trompa. Se hai rotura tubárica, iníciase dor abdominal xeneralizada, conforme se desenvolve o hemoperitoneo. A miúdo prodúcese dor referida cara ao ombro dereito por irritación do dia-

fragma. Se a perda de sangue é importante, sobrevirán mareos ou síncope. O diagnóstico establécese con test de embarazo, clínica e exame ecográfico. Tratamento cirúrxico.

Quiste ovárico con fugas ou roto

Os máis frecuentes son os quistes funcionais (foliculares). Síntomas similares ao embarazo ectópico accidentado. Na exploración: hipersensibilidade abdominal importante, frecuentemente con Blumberg+. O abdome pode estar distendido e haberá diminución dos ruídos intestinais. Son raras febre e leucocitose. O valor do hematócrito estará diminuído se existe hemorraxia activa. O diagnóstico establécese con test xestacional, hemograma e ecografía.

Tratamento: laparotomía exploradora en caso de hemoperitoneo importante. En caso de paciente estable, observación con controis analíticos e ecográficos seriados e analxesia (ketoprofeno, paracetamol, ibuprofeno, butilescopolamina, antieméticos).

Torsión anexial

A dor pode ser intensa e constante, ou descontinua se a torsión é parcial e se corrixe de xeito intermitente. Adoita haber reaccións reflexas autónomas. Abdome moi doloroso con Blumberg+ nos cuadrantes inferiores. Pode existir aumento leve da temperatura e leucocitose. O tratamento é cirúrxico (anexectomía). Se o tecido non está necrosado, poderá realizarse destorsión, quistectomía e conservación do anexo (AINE: ibuprofeno, naproxeno, ketoprofeno, piroxicam).

Enfermidade inflamatoria pélvica

Infección polimicrobiana de transmisión sexual (*N. gonorrhoeae* e *C. trachomatis*). Son frecuentes a dor abdominal, febre, leucorrea e, en ocasións, náuseas e vómitos. Na exploración: dor á mobilización uterina ou á palpación anexial, con febre e leucocitose. En ocasións visualízanse mediante ecografía ou á palpación tumoracións anexiais que corresponden con abscesos tubo-ováricos. O tratamento baséase en antibioterapia e analxesia vía oral (AINE: ibuprofeno, ketoprofeno). Precisarán ingreso aquelas pacientes con leucocitose importante, portadoras de DIU, embarazadas, presenza de absceso tubo-ovárico ou afectación do estado xeral. Durante o ingreso, a antibioterapia será IV aínda que se pode pasar á vía oral ao cabo de 48 horas sen febre, ata completar 14 días. En caso de existencia de complexos anexiais, pode intentarse laparotomía exploradora tras cumprir o tratamento antimicrobiano.

Miomas uterinos

Tumorações benignas do músculo liso uterino. Raramente producen molestias, salvo cando alcanzan un tamaño considerable (compresión órganos veciños) ou dexeneran. En caso de dexeneración, a inflamación pode orixinar hipersensibilidade con Blumberg+. Pode darse aumento da temperatura e leucocitose. A dexeneración trátase con observación e analxesia (AINE, paracetamol, antieméticos). Os subserosos torsionados poden researse con facilidade con laparoscopia ou con cirurxía aberta se son de gran tamaño. Os submucosos poden researse vía histeroscópica en caso de ser necesario.

Endometriose

Presenza e proliferación de tecido endometrial ectópico (ovario como localización máis frecuente). Clínica: dismenorrea, dispareunia e disquecia. A miúdo hai antecedentes de hemorraxia da fase luteínica ou infertilidade. A dor adoita ser premenstrual e menstrual; non obstante, se se produce dor xeneralizada aguda non menstrual debe pensarse na posibilidade de endometrioma roto. Diagnóstico: ecográfico e definitivo por laparoscopia. O tratamento é cirúrxico en caso de endometriomas de gran tamaño ou rotos (quistectomía ou anexectomía). Tratamento médico se quiste pequeno sen signos de rotura (AINE, anovulatórios orais, análogos GnRH).

DOR CÍCLICA: DISMENORREAS PRIMARIA E SECUNDARIA

A dismenorrea afecta a preto do 50% das mulleres en idade fértil. A primaria adoita manifestarse dun a dous anos tras a menarquía, época na que se establecen os ciclos ovulatórios. A dismenorrea secundaria adoita aparecer anos despois da menarquía e acontecer con ciclos anovulatórios.

Dismenorrea primaria:

En relación coa produción endometrial de prostaglandinas. A dor (de natureza cólica) adoita iniciarse unhas cantas horas antes do inicio do período menstrual ou xustamente despois deste, e pode durar 48-72 horas. É necesario descartar unha enfermidade subxacente e confirmar a natureza cíclica da dor.

Tratamento: os inhibidores da síntese de prostaglandinas son eficaces nun 80% dos casos (ibuprofeno, ketoprofeno, naproxeno). Deben de tomarse xusto antes de aparecer a dor ou no momento de iniciarse e a continuación, de xeito sostido, cada 6-8 horas durante os primeiros días da

menstruación. Son útiles, do mesmo modo, os anovulatorios orais, que controlarán a dor en máis do 90% das pacientes. En casos refractarios: narcóticos, TENS ou mesmo cirurxía.

Dismenorrea secundaria:

Dor menstrual cíclica acompañante dun trastorno pélvico subxacente. Adoita iniciarse unhas dúas semanas antes da menstruación e persiste uns cantos días despois de interromperse esta. É frecuente que os AINE e os anticonceptivos orais produzan pouco alivio da dor nestes casos. A causa máis frecuente de dismenorrea secundaria é a endometriose, seguida por adenomiose e por DIU.

DOR PÉLVICA CRÓNICA

Segue sendo un diagnóstico xeral, que comprende múltiples causas, dende endometriose ata a síndrome de atrapamento dun nervio. Afecta ao 12-15% de mulleres en España. Entre o 20 e o 80% das pacientes que se someten a laparoscopia por dor pélvica crónica carecen de enfermidade intraperitoneal.

Endometriose

O tratamento con AINE e análogos da GnRH é efectivo nestes casos e precisan cirurxía (exérese de quistes, electrocoagulación de implantes endometriósicos ou mesmo histerectomía) os casos refractarios.

Adherencias

Dor abdominal non-cíclica que pode incrementarse co coito ou coa actividade física en relación coa restrición da mobilidade e distensións intestinais, con ocasionais obstrucións intestinais. O diagnóstico realízase vía laparoscópica. Non se recomendan os procedementos cirúrxicos repetidos para efectuar lise das adherencias.

Conxestión pélvica

Dor na parte baixa do abdome, dismenorrea secundaria, dispareunia, fatiga crónica e síntomas de colon irritable. Adoita iniciarse coa ovulación e cede coa regra. Por ecografía pode verse engrosamento dos vasos uterinos e ováricos. O tratamento vai dende supresión hormonal e analxesia oral con AINE ata embolización de veas ováricas ou mesmo histerectomía.

Enfermidade inflamatoria pélvica

Vista anteriormente. É a causante máis frecuente de dor aguda.

Síndrome do ovario residual

En pacientes que se sometaron a histerectomía e anexectomía bilateral, debido a tecido cortical ovárico residual que queda in situ tras unha reseción difícil. A paciente adoita queixarse de dor pélvica lateral, a miúdo relacionada coa ovulación. O diagnóstico pode confirmarse por ecografía e o tratamento inicial baséase en administración de danazol, proxestáxenos a doses altas ou anticonceptivos orais, con posterior reseción cirúrxica do tecido ovárico.

Outras causas non xinecolóxicas de dor pélvica crónica

Síndrome do colon irritable, síndrome uretral, cistite intersticial, atrapamento nervioso, dor mioaponeurótica...

BIBLIOGRAFÍA

1. Protocolos SEGO 2010: Dismenorrea y Dolor pélvico crónico.
2. Ginecología de Novak 2004, 13ªEd. Dolor pélvico y dismenorrea [345-371].
3. Tratado de Ginecología, Obstetricia y Medicina de la Reproducción 2008 [Dismenorrea y síndrome de tensión premenstrual, 1160-1168]; [Dolor pelviano, 1251-1258].

6

PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA DOR EN PEDIATRÍA

A. Rodríguez Núñez

INTRODUCCIÓN

A dor nos nenos hospitalizados pode ser aguda ou crónica, relacionada directamente coa súa enfermidade ou provocada por procedementos diagnósticos ou terapéuticos.

Todo o persoal asistencial (auxiliares, enfermería e médicos) debería estar sensibilizado para detectar, tratar ou evitar, segundo os casos, a dor nos nenos de calquera idade e patoloxía subxacente.

A dispoñibilidade dunha guía de actuación en dor infantil pode ser de grande axuda nesta tarefa.

CAUSAS DE DOR NOS NENOS HOSPITALIZADOS

De forma xeral, poden diferenciarse:

- Procesos patolóxicos: inflamacións, traumatismos, cancro, cefaleas, amputacións, flebite etc.
- Procedementos: puncións, canalizacións venosas, sutura de feridas, cirurxía, redución de fracturas, mobilizacións, etc.

VALORACIÓN DA DOR NOS NENOS

Debe ser unha prioridade, aínda que os métodos de valoración terán que adaptarse á idade e características de cada neno.

A valoración debe comezar coa revisión dos antecedentes do paciente e unha anamnese dirixida ás características da dor e os factores que o modifican. A información debe ser obtida tanto dos pais coma do propio neno,

segundo sexa a súa idade, desenvolvemento neuropsicolóxico e estado mental.

A valoración ou cuantificación da intensidade da dor pódese realizar mediante:

- Escalas visuais analóxicas. Existen diversas "reglas" ou dispositivos que permiten cuantificar a intensidade da dor expresada polo paciente. Son aplicables a partir dos 6-7 anos.
- Escalas nas que o observador puntúa parámetros condutuais ou fisiolóxicos. Nos acabados de nacer e lactantes pequenos pode utilizarse a escala CRIES, mentres que en lactantes e preescolares pode aplicarse a escala FLACC.
- Escalas de expresión facial. Son aplicables en nenos a partir dos 3 anos.

A avaliación da dor débese realizar polo menos ao ingreso, antes e despois de procedementos e cando se detecten cambios clínicos. Ademais, débese realizar e rexistrar de forma regulada e simultánea coa obtención doutros signos vitais. A instauración na práctica da dor como quinto signo vital será moi útil para este propósito.

PREVENCIÓN DA DOR NOS NENOS

É posible prever ou limitar a dor que sofren os nenos hospitalizados en relación con manipulacións, técnicas ou procedementos que, sendo necesarios para o diagnóstico ou tratamento do paciente, non deberían ser causa de sufrimento. De forma xeral, recoméndase programar todos os procedementos que poidan causar dor ou molestias, evitar aqueles que sexan prescindibles e aplicar pautas de analxesia apropiadas en cada caso.

PAUTAS DE ANALXESIA EN PEDIATRÍA

Non existe un analxésico ideal nin unha pauta que sexa óptima en termos de beneficios e riscos, polo que haberá que adaptarse ás circunstancias en cada caso. A combinación de técnicas e fármacos pode achegar vantaxes.

En xeral, pode utilizarse a estratexia de analxesia graduada, segundo a intensidade da dor:

1. Analxésicos menores
2. Ídem + opiáceos menores
3. Ídem + opiáceos maiores
4. Ídem + ídem + bloqueos nerviosos

MONITORAXE DE POSIBLES EFECTOS ADVERSOS DOS ANALXÉSICOS

A devandita vixilancia debe centrarse nos nenos que reciban fármacos depresores do sistema nervioso central ou con situación clínica inestable ou de risco. En cada caso, deben seleccionarse os parámetros que se van monitorar, os fundamentais son a frecuencia cardíaca, a frecuencia respiratoria, a pulsioximetría e a capnografía.

ANALXESIA POSTOPERATORIA

En nenos maiores de 8 anos pode utilizarse o protocolo xeral de analxesia postoperatoria cos seus módulos básico, de rescate e analxesia controlada.

En nenos pequenos, a pauta debe ser individualizada, aínda que se pode seguir utilizando como guía o protocolo xeral.

En pacientes con dor postoperatoria moderada ou severa, utilízase de forma protocolizada a analxesia controlada (polo paciente ou a enfermería) con fentanilo por vía intravenosa. O devandito protocolo inclúe:

- Infusión basal inicial: 1 mcg/kg/h.
- Programación inicial de bolus: 0,5 mcg/kg.
- Pempo de bloqueo entre bolus: 5 minutos.
- Número máximo de bolus por hora: 10.
- Revisión da programación: polo menos cada 24 horas.
- Monitoraxe: frecuencia cardíaca, frecuencia respiratoria, ECG, pulsioximetría, capnografía, escalas de valoración da dor, detección e rexistro de efectos adversos.

A analxesia controlada polo paciente indícase en todo neno capaz de comprender o funcionamento do sistema (en xeral maiores de 6 anos, conscientes e sen atraso psicomotor) e de activar os bolus (conscientes e con mans libres). Nos demais casos, realízase analxesia controlada pola enfermeira. En casos seleccionados, permítese a analxesia controlada polos pais.

ANALXESIA EN PROCEDEMENTOS

Existen múltiples opcións de analxesia, que poden ser aplicadas de forma combinada ou secuencial.

- *Anestésicos locais*: Pode utilizarse a crema EMLA, que debe ser aplicada polo menos 45 minutos antes do procedemento en caso de puncións (venosas, lumbares, suprapúbicas, administración de toxina botulínica etc.), ou ben infiltración con bupivacaína en caso de sutura de feridas.

- *Óxido nítrico*: Indicado nos mesmos procedementos. É doado de administrar e ten escasos riscos, xa que se subministra nunha concentración de 50% de nítrico e 50% de osíxeno. A súa potencia analxésica é limitada.
- *Sacarosa*: En neonatos e lactantes pequenos. É un procedemento útil pola súa sinxeleza, aínda que non é suficiente como analxésico único.
- *Opiáceos*: resérvanse para procedementos moi dolorosos ou que precisan a inmovilidade do paciente. En pediatria utilizamos sistematicamente o fentanilo, pola súa rapidez de acción e duración breve dos efectos.
- *Ketamina*: É unha alternativa en procedementos dolorosos (p. ex., para canalizar unha vía venosa central) en nenos con inestabilidade hemodinámica ou risco de depresión respiratoria. Utilízase sempre en combinación con midazolam.
- *Sedantes*: Aínda que non teñen efectos analxésicos cando se administran de forma combinada cos analxésicos, son moi útiles xa que diminúen a ansiedade do paciente e producen amnesia do procedemento, aspecto moi desexable nos nenos que van ser sometidos a técnicas de forma repetida. Pódense utilizar tanto o midazolam como o propofol.

ANALXESIA NOUTRAS SITUACIÓNS CLÍNICAS

En nenos con outros tipos de dor, como cefaleas, dor neuropática, dor por compresión nerviosa, metástases óseas etc. a pauta de tratamento será individualizada.

TRATAMENTO DOS EFECTOS SECUNDARIOS DOS OPIÁCEOS

Os devanditos efectos secundarios deben ser coñecidos, o persoal debe estar preparado para detectalos e tratalos e a súa posibilidade non debe ser unha desculpa para non lles administrar fármacos potentes aos nenos.

O efecto máis grave é a depresión respiratoria. Para previla aconséllase titular a dose [empezar pola dose máis baixa e ir aumentándoa ata conseguir o efecto desexado]. Para a súa detección, é esencial a monitoraxe do paciente. O seu tratamento inclúe: suspensión da administración do fármaco, ventilación con osíxeno, estimulación física e, se non é suficiente, reversión con naloxona.

Dos demais efectos secundarios dos opiáceos, as náuseas e vómitos, o prurito e a retención urinaria son os máis frecuentes. Para a prevención e tratamento das náuseas-vómitos poden utilizarse tanto a metoclopramida como o ondansetrón. O prurito, se é intenso, pode tratarse cun antihistamínico e a retención urinaria adoita mellorar ao diminuír a dose do opiáceo.

Apéndice 1. Escala CRIES

PARÁMETROS	0 PUNTOS	1 PUNTO	2 PUNTOS
Choro	No	Agudo-consolable	Agudo-inconsolable
Require osíxeno por saturación < 95%	21%	< 30%	> 30%
FC e TA	Estables ou menor que as basais	Aumentadas < 20% do basal	Aumentadas > 20% do basal
Expresión facial	Normal	Acenos, cello pregado	Acenos, cello pregado e laio
Períodos de sono	Normales	Esperto frecuentemente	Sempre esperto

Apéndice 2. Escala FLACC

CATEGORÍA	0 PUNTOS	1 PUNTO	2 PUNTOS
Expresión facial	Normal	Acenos	Aflixida
Pernas	Relaxadas	Móbiles	Flexión
Actividade	Normal	Movemento permanente	Quieto
Choro	Sen choro	Xemidos	Choro
Consolabilidade	Non require	Distraíble	Non consolable

Apéndice 3. Dose de fármacos analxésicos utilizados en pediatría

FÁRMACO	DOSE	VÍA	COMENTARIOS
Paracetamol	Carga oral: 20 mg/kg Carga IV: 15 mg/kg Mantemento: 15 mg/kg cada 6 horas	Oral, intravenosa	Analxésico basal na maior parte das ocasións
Ibuprofeno	10 mg/kg cada 8 horas	Oral	
Dexketoprofeno	1 mg/kg cada 8 horas	Intravenoso	Forma parte do módulo básico postoperatorio
Metamizol	40 mg/kg cada 6 horas	Intravenosa	Risco de hipotensión. Pouco utilizado
Tramadol	1 mg/kg cada 8 horas	Oral, intravenoso	
Fentanilo	1 mcg/kg/hora + bolus de 0,5 mcg/kg	Intravenoso	Sempre administrado con sistema de analxesia controlada
Naloxona [antídoto de opiáceos]	1 mcg/kg, repetir ata conseguir a reversión dos efectos	Intravenoso	

BIBLIOGRAFÍA

1. López Castilla JD. Analgesia, sedación y relajación neuromuscular en pediatría. *Pediatr Integral* 2010;14:285-298.
2. Valdivieso Serna A, et al. Analgesia, sedación y relajación. En: López-Herce J, et al. *Manual de Cuidados Intensivos Pediátricos*. 3ª ed. Madrid, Publimed 2009;573-93.
3. Krauss B, Green SM. Procedural sedation and analgesia in children. *Lancet* 2006; 367:766-80.
4. Paediatrics and Child Health Division, The Royal Australasian College of Physicians. Guideline statement: Management of procedure-related pain in children and adolescents. Royal Australasian College of Physicians 2005.

7

DOR NO PACIENTE ANCIÁN

T. Lopez Renedo

INTRODUCCIÓN

As Nacións Unidas definen os anciáns como aquelas persoas con máis de 65 anos.

A OMS advirte de que os anos non son o indicador exacto dos cambios que se producen no envellecemento. Mentres que algúns pacientes de 75 anos son verdadeiramente fráxiles e presentan múltiples discapacidades, outros con 85 son totalmente autónomos.

VALORACIÓN DA DOR NO ANCIÁN

A dor é unha experiencia emocional e sensorial desagradable.

O indicador illado máis fiable da existencia e intensidade da dor é a referencia do paciente.

Prevalencia da dor no ancián

- É o síntoma máis frecuente no ancián e un dos que máis sufrimentos xera pola súa repercusión no ámbito orgánico, psíquico, funcional e sociosanitario, condicionando unha diminución da calidade de vida dos pacientes.
- Prevalencia estimada: aproximadamente o 60% dos anciáns da comunidade e ata un 80% dos da residencia experimentan dor.

Ineficacia no diagnóstico

- Dado que a dor é con frecuencia remediabile, a alta prevalencia de dor non aliviada dos anciáns pode ser o resultado da súa falta de recoñecemento e a súa falta de tratamento a consecuencia.

Causas da inadecuada valoración e recoñecemento

Erros habituais nos profesionais da saúde

- A percepción da dor diminúe coa idade.
- A dor é normal nos anciáns.
- Os anciáns que non se queixan non teñen dor.
- A medicación ten efectos secundarios perigosos.
- Os que teñen dor fano para chamar a atención.
- Se se trata, os pacientes fanse adictos á medicación.

Erros nos anciáns que padecen dor

- Recoñecer que se ten dor é un signo de debilidade.
- É unha parte inevitable da vellez.
- Significa que a morte está preto.
- Significa que hai unha enfermidade grave.
- Dará lugar a unha perda da independencia.

Barreiras de comunicación

- Elevada prevalencia de alteracións cognitivas, sensoceptivas e habilidades motoras que interfíren coa posibilidade de comunicar ou cuantificar a súa experiencia de dor.
- A expresión da dor pode tomar forma de confusión, illamento social ou apatía.

Medida da intensidade da dor

Serve para comparar ao longo do tempo e determinar a eficacia da intervención e as súas estratexias.

Seleccionar a escala axeitada implica descubrir a capacidade individual para a lectura, o oído e a comprensión para cubrir.

- Numeric Rating Scale.
- Escala verbal descritiva.
- Escalas pictóricas da dor.
- Escala visual analóxica.

Nunha liña de 10 cm, á esquerda obsérvase "non-dor" e á dereita "a maior dor inimaxinable".

Ten maior taxa de fallos ca outros instrumentos menos abstractos.

- Cuestionario de McGill da do.

Valoración da dor na demencia

- Feldt creou unhas listas de indicadores non verbais: xemidos, acenos, nerviosismo.
- Kovach identificou signos de desconfort nos últimos estadios da demencia como linguaxe corporal en tensión, expresións faciais de pena, nerviosismo, verbalizacións perseverantes e estalidos verbais.

Escala de desconfort da demencia tipo Alzheimer

Anótanse comportamentos como respiración ruidosa, negativa á vocalización, expresións faciais de satisfacción, expresións faciais de tristura, de temor ou nerviosismo. Estas áreas puntúanse en termos de intensidade, frecuencia e duración e obtense unha puntuación total que corresponde co nivel de dor.

OBXECTIVOS BÁSICOS NO TRATAMENTO DA DOR NO ANCIÁN

Melloría da confortabilidade

Tratar a dor *per se*.

Restablecemento funcional

O tratamento da dor debe levar asociada a melloría da capacidade física, a melloría da capacidade psicolóxica e a integración familiar e social, é dicir, minimizar a incapacidade á que se ve sometida calquera persoa con dor persistente conseguindo a autosuficiencia do ancián.

Variacións farmacocinéticas nos anciáns

- Diminución da absorción intestinal, o que leva consigo unha diminución da auga corporal e unha diminución de proteínas plasmáticas.
- Diminución da taxa de filtración glomerular.
- Alteración do metabolismo hepático.
- Estado nutricional: diminución da albumina sérica, co cal a fracción libre dos fármacos que se unen a proteínas estaría notablemente elevada, aumentando consecuentemente a súa toxicidade.

POLIMEDICACIÓN

A existencia de pluripatoloxía leva consigo unha polifarmacia, o que provoca:

1. Maior posibilidade de interaccións farmacolóxicas.
2. Maior frecuencia de aparición de efectos secundarios indesexables (reten-
ción de urina, trastornos cognitivos etc.).
3. Maior incumprimento terapéutico.

MANEXO DA DOR AGUDA

- *Bloqueos neuronais*: Analxesia epidural, bloqueos periféricos.
- *AINE ou paracetamol*: o paracetamol é un analxésico débil pero cun perfil de eficacia e efectos adversos moi bo, polo que é o fármaco recomenda-
do como elección na dor moderada.
- A administración de AINE estaría individualizada en función do risco-benefi-
cio ante os posibles efectos secundarios (alerxia, fallo renal, sangrado etc.).
- *Opiáceos*: axustando dose en función das variacións farmacocinéticas do ancián.

MANEXO DA DOR CRÓNICA

- O tratamento farmacolóxico é tan importante coma o non farmacolóxico.
- Os fármacos deberían pautarse e administrarse por vía oral utilizando a
escaleira analxésica da OMS.
- Preferiranse os preparados de liberación sostida.
- A dor irruptiva tratarase con preparados de liberación rápida e inmediata.
- O paracetamol será de primeira elección.
- Control dos posibles efectos secundarios dos AINE (enfermidade gas-
trointestinal, cardiovascular e renal).
- A combinación de fármacos non-opiáceos, opiáceos e coadjuvantes debe-
rá ser considerada, sempre que sexa posible.
- Os antidepressivos tricíclicos son utilizados na dor neuropática presentan
efectos secundarios importantes. Os anticonvulsivantes: pregabalina e
gabapentina teñen un mellor perfil de tolerancia.

DOR E DEMENCIA

O envellecemento da poboación é a principal causa de que o peso da demen-
cia estea incrementándose de forma paulatina.

A demencia é unha enfermidade dexenerativa, con progresiva deteriora-
ción cognitiva e física que leva consigo importantes repercusións na calida-
de de vida do enfermo e dos seus coidadores.

Tratamento da dor na demencia

- Administrar sempre unha combinación de medidas farmacolóxicas con non farmacolóxicas.
- Utilizar analxesia continua, non a demanda.
- Utilizar escaleira analxésica da OMS.
- As preparacións retard son preferibles para a dor persistente.
- As preparacións de acción curta e inmediata son preferibles para a dor lancinante.
- Comezar con doses baixas e aumentar, titular lentamente, vixiando os efectos secundarios.
- Os AINE non deben de usarse en tratamento longo, especialmente en paciente cardíopatas, nefrópatas, hepatópatas ou con enfermidade gastrointestinal.
- As doses fixas de combinacións de opiáceos e paracetamol poden ser útiles para a dor moderada.
- Anticiparse e manexar correctamente os efectos secundarios: estrinximento, sedación, hipotensión ortostática, náuseas, retención urinaria.
- Reavaliar o tratamento e a súa eficacia.

8

DOR OSTEOARTICULAR

L. Losada Ares. J. Ramón Caeiro Rey

A dor osteoarticular é un dos signos máis difíciles de interpretar debido ao notable compoñente subxectivo que a acompaña. Pode ser localizada (previsar dun estudo urxente para descartar fractura, osteomielite, metástase, tumor primitivo...), difusa, referida, irradiada etc. Haberá que distinguir entre dor aguda e crónica, reactivación ou reagudización (brote ou crise que acompaña a un proceso crónico). Por outra parte, debemos diferenciar entre dor nociceptiva, neuropática, mediada polo SN simpático, dor de orixe central e psicóxena, xa que o tratamento varía segundo a causa e as súas características.

Pero as enfermidades osteoarticulares non só se expresan con dor, senón tamén por inflamación articular (tumefacción, derramo, eritema, calor, edema periarticular), deformidade, alteración na mobilidade (limitación ou aumento), ruídos articulares...

DOR MONOARTICULAR AGUDA

- *Etioloxía*: artrocentese: aspecto macro e microscópico do líquido sinovial.
 1. Traumatismo: descartar fractura/fisura mediante estudo radiolóxico simple.
 2. Fractura de estrés: descartar fractura/fisura con estudo radiolóxico simple.
 3. Artropatía dexenerativa/sobreuso.
 4. Corpo libre intrarticular.
 5. Necrose ósea avascular.

6. Lesións estruturas intraarticulares.
 7. Osteocondrite disecante.
 8. Hemartros: coagulopatía (hemofilia), tratamento anticoagulante, traumas, tumores sinoviais, artrite por depósito de cristais de pirofosfato, infeccións, osteonecrose...
 9. Neuropatía ou enfermidade de Charcot.
 10. Distrofia simpática reflexa.
 11. Reumatismo palindrómico.
 12. Enfermidade de Paget con compromiso articular.
 13. Tumores óseos.
 14. Tumores sinoviais (benignos, como a sinovite villonodular pigmentada, ou malignos).
 15. Osteartropatía hipertrófica.
 16. Amiloidose.
 17. Febre mediterránea familiar.
 18. Enfermidade de Behcet.
 19. Artrite séptica: se se sospeita, deben enviarse mostras de líquido sinovial a microbioloxía para determinación de GRAM urxente e cultivo. É unha urxencia hospitalaria e require ingreso.
 20. Por depósito de microcristais (unha das causas máis frecuentes): líquido sinovial de aspecto inflamatorio-hipercelular: visualización ao MOLD dos diferentes tipos de microcristais (cristais de urato monosódico-gota; de pirofosfato cálcico dihidratado-pseudogota, hidroxipatita etc.).
 21. No contexto dunha enfermidade inflamatoria crónica (artrite reumatoide, espondiloartropatía inflamatoria, lupus eritematoso sistémico, artrite idiopática xuvenil etc.).
 22. Artrite reactiva.
- *Tratamento:*
 - Médico: repouso da articulación afectada (sobre todo tras a realización de artrocentese e/ou infiltración), uso de bastón ou muleta de descarga en caso de afectación de articulacións de carga, medidas fisioterapéuticas...
 - Farmacolóxico: antiinflamatorios (os máis usados):
 - AINE clásicos (ibuprofeno, diclofenaco, indometacina...) ou inhibidores selectivos da COX-2 (se existe risco ou antecedente de enfermidade gastrointestinal, evitar en pacientes con risco cardiovascular).
 - Colchicina (gota e pseudogota).

- Corticoides a doses reducidas 8 medias/baixas: en pacientes con contraindicación para AINE: insuficiencia renal, hepatópatas, etc.
- Analxésicos segundo escala da OMS (paracetamol, tramadol, asociación de ambos os dous..., evitando opiáceos maiores)
- En casos concretos debe valorarse o beneficio da infiltración articular cunha mestura de anestésico local (mepivacaína ao 1%) e un corticoide depot (triamcinolona - Trigon® ou betametasona - Celestone®).
- Tratamentos tópicos con AINE ou capsaicina crema: sempre seguros e con dubidosa eficacia clínica
- No tratamento da artrose os SYSADOA (sulfato de glucosamina, condroitín sulfato, diacereína e ácido hialurónico) melloran os síntomas e a progresión do dano estrutural da cartilaxe. Se é necesario, poderían utilizarse opiáceos como o fentanilo transdérmico ou a oxicodona. En casos avanzados con dor incoercible e incapacitante: artroplastía.

DOR OLIGO (< 4 ARTICULACIÓNS AFECTADAS) OU POLIARTICULAR AGUDA

- *Etioloxía*: artrocentese sempre que sexa posible.

1. No seo dunha enfermidade por depósito de microcristais.
2. No seo dunha enfermidade inflamatoria crónica (debut).
3. Artrite viral.
4. Artrite reactiva.

Similares pautas de tratamento que na dor monoarticular aguda.

DOR CRÓNICA (MONO, OLIGO OU POLIARTICULAR)

Normalmente no seo de enfermidades sistémicas, como reumatoide, ALJ, espondiloartropatías inflamatorias (asociadas a psoríase, Ell...), sarcoidose, lupus eritematoso sistémico, vasculite...

En fases agudas, seguiranse as mesmas pautas ca na dor aguda; pero logo de transcorrer 6-12 semanas debe iniciarse o antes posible un fármaco anti-reumático de acción lenta para control da enfermidade subxacente: metotrexato, leflunomida, azatioprina, salazopyrina, fármacos biolóxicos (inhibidores do R do TNF-alfa, moduladores selectivos dos sinais coestimuladoras para a activación de LT, deplecionadores de células B...).

Por outra parte é moi frecuente no seo de enfermidades crónicas como a artrose.

Táboa I. Medidas terapéuticas para o tratamento da OAD de xeonllo

FÁRMACO	EVIDENCIA/RECOMENDACIÓN
Educación sanitaria	-
Identificación factores risco modificables	Ib ou III / A ou B
Redución de peso	IIb / B
Exercicio físico	Ia / B
Reintegración social	Ia / A
Fisioterapia	
Cinesiterapia	Ib ou III / A ou B
Crioterapia	A
TENS	A
Ultrasonidos	C
Uso combinado medidas farmacolóxicas e non farmacolóxicas	Ia / A
Paracetamol	Ia / A
Analxésicos opiáceos:	
Codeína, tramadol	B
Buprenorfina, fentanilo	C
Glucocorticoides intraarticulares	-
Condroitín sulfato	A
Sulfato de glucosamina	A
Ácido hialurónico intraarticular	A
Diacereína	A
Artroscopia (lavado articular)	-
Mosaicoplastia e implante condrocitos	-
Osteotomías	C
Artrodese	-
Artroplastia	A

A artrose, osteoartrose ou osteoartrite dexenerativa (OAD), síndrome clínica relacionada cun proceso de degradación da cartilaxe articular e caracterizada por dor, deformidade e alteración da capacidade funcional dunha ou varias articulacións. Dende o punto de vista terapéutico, a OAD caracterízase por carecer, no momento actual, dun axente específico capaz de rexenerar a cartilaxe articular perdida,³ polo que os obxectivos do tratamento se han de centrar en mellorar a sintomatoloxía, a capacidade funcional e a calidade de vida dos pacientes, evitando ou detendo, se é posible, a progresión dos cambios estruturais e atrasando ou evitando a necesidade de realizar unha cirurxía de substitución articular.

Para iso contamos na actualidade cunha serie de medidas non-farmacolóxicas, farmacolóxicas, que demostraron a súa efectividade en diferentes estudos con elevado nivel de evidencia científica.

Táboa II. Medidas farmacolóxicas para o tratamento da OAD

1. Fármacos que modifican a sintomatoloxía: SMOAD:
 - a. Fármacos de acción rápida
 - I. Analxésicos non-opiáceos (paracetamol) e opiáceos (codeína, tramadol)
 - II. Antiinflamatorios non-esteroides (non-selectivos e selectivos COX-2)
 - III. Glucocorticoides intrarticulares
 - b. Fármacos de acción lenta: SYSADDA:
 - I. Condroitín sulfato
 - II. Sulfato de glucosamina
 - III. Diacereína
 - IV. do hialurónico intraarticular (viscosuplementación)
2. Fármacos modificadores da enfermidade artrósica: DMOADS

As distintas medidas terapéuticas para a OAD de xeonllo, co seu nivel de evidencia e grao de recomendación, resúmense na táboa I.

Recomendacións xerais

De xeito xeral, considérase que os pacientes con OAD leve-moderada, con repercusión funcional non moi significativa, graos I e II do Colexio Americano de Reumatoloxía (capacidade funcional normal ou dor e limitación nunha articulación sen repercusión nas actividades da vida diaria) son candidatos a tratamento médico, mentres que os pacientes con OAD grave, con repercusión funcional significativa graos III, IV e V (dor limitante, dor incapacitante para realizar as actividades da vida diaria, laboral ou recreativa ou limitación para o autocoidado e a alimentación) son candidatos a tratamento cirúrxico, sobre todo cando fracasan as medidas farmacolóxicas e non-farmacolóxicas coadxuvantes.

Medidas farmacolóxicas

Dende un punto de vista de clasificación hai que distinguir entre fármacos modificadores da sintomatoloxía (SMOAD) (do inglés: Symptom Modifying Osteoarthritic Drugs) e fármacos modificadores da enfermidade artrósica (DMOAD) (do inglés: Disease Modifying Osteoarthritic Drugs) (Táboa II).

Fármacos SMOAD

Segundo a súa rapidez de acción, divídense en SMOAD de acción rápida e SMOAD de acción lenta ou SYSADDA (do inglés: Symptomatic Slow Action Drugs for Osteoarthritis).

SMOAD de acción rápida

- a. Analxésicos non-opiáceos (paracetamol).
- b. Analxésicos opiáceos. O uso de codeína, dihidrocodeína ou tramadol, asociados ou non a paracetamol, está amplamente aceptado na práctica clínica diaria cando outras alternativas como os AINE están contraindicadas, non son efectivas ou son mal toleradas. A súa utilización debería limitarse a cadros de agudización puntual da dor artrósica e sempre durante o menor tempo posible, para evitar o risco de aparición de efectos secundarios de tipo central ou dixestivo.
- c. Antiinflamatorios non-esteroides (AINE).
- d. AINE tópicos e capsicina. Os AINE tópicos (AINE inhibidores non selectivos, metilsalicilato).
A capsicina, un alcaloide analxésico derivado das sementes dos chiles que deplecciona localmente a substancia P, neurotransmisor implicado na dor articular, demostrou a súa eficacia na dor artrósica.
- e. Glucocorticoides intraarticulares. Existe evidencia científica de que os glucocorticoides intraarticulares (metilprednisolona e triamcinolona) son eficaces a curto prazo no control da dor artrósica. A guía do Colexio Americano de Reumatoloxía recomenda o seu uso en pacientes con OAD de xeonllo con afectación monoarticular, dor moderada-severa e brotes de actividade inflamatoria.⁷

SMOAD de acción lenta ou SYSADDA

O grupo dos SYSADDA está formado na actualidade por unha serie de nutrientes (condroitín sulfato, sulfato de glucosamina, saponificable de aguacate-soia) e de fármacos (ácido hialurónico e diacereína), que parece mellorar a dor e a sintomatoloxía da dor artrósica. Caracterízanse basicamente por un comezo de acción lenta, aproximadamente unhas seis semanas despois do inicio do tratamento e pola prolongación do seu efecto analxésico durante un período de tempo significativo (3-6 meses) tras a retirada deste (efecto carryover).

Condroitin sulfato, sulfato de glucosamina, ácido hialurónico intraarticular (viscosuplementación), diacereína.

Fármacos DMOAD

Actualmente non existe ningún fármaco ao que se lle recoñecese unha capacidade total de modificar o curso de enfermidade artrósica e, polo tanto, que poida ser incluído no grupo farmacolóxico dos DMOAD. O descubrimento

to de novos mecanismos fisiopatolóxicos da OAD e, polo tanto, o desenvolvemento de novas dianas terapéuticas da enfermidade permitiu constatar o efecto modificador da enfermidade de diferentes fármacos.

SÍNDROME DE DOR MIOFASCIAL

Trastorno non inflamatorio caracterizado por dor e rixidez con puntos gatillo e bandas dolorosas palpables nos músculos afectados.

1. Locorrexional:
 - a. Distrofia simpático-reflexa/atrofia de Sudeck/síndrome de dor rexional complexa.
 - b. Cervical.
 - c. Lumbar.
2. Xeneralizado (fibromialxia): > 11/18 puntos gatillo.

Tratamento

Incluindo diferentes áreas (educacional, farmacolóxica, psicolóxica, física e ocupacional), abordaxe multidisciplinar:

- Área educacional: informar ao paciente e aos seus achegados sobre en que consiste a enfermidade, formas de afrontar a dor, control do seu estado emocional etc.
- Área psicolóxica: a dor é un síntoma moi subxectivo e as persoas responden de diferente xeito ao mesmo tratamento médico. Adestramento en técnicas para evitar a desesperanza, o estado depresivo...
- Área física: exercicio aeróbico (natación, bicicleta, danza etc.), ximnasia de mantemento, Pilates... É preferible realizar exercicios isotónicos e isocinéticos.
- Área ocupacional: a dor pode asociarse a unha discapacidade crónica, polo que debemos axudar ao paciente a retornar á súa actividade laboral, adaptación ergonómica no ámbito, modificacións ambientais e laborais...
- Área farmacolóxica: tendo en conta a implicación multifactorial na esencia da dor (miofascial, articular, neuropático e visceral asociados).
 - Antidepressivos tricíclicos (amitriptilina entre 10 e 75 mg/día), doxepina (25-50 mg/día) etc.) en terapia conxunta con antidepressivos inhibidores da recaptación de serotonina (ISRS): fluoxetina (20-40 mg/día)
 - Relaxantes musculares: ciclobenzaprina (10 mg/día)
 - Analxésicos: demostrou maior eficacia a asociación de paracetamol (1-4 g/día) e tramadol (50-400 mg/día) que ambos os dous por separado.

Evitaranse opiáceos (non-eficacia), agás en dor nociceptiva en situacións especiais.

- AINE: ibuprofeno e paracetamol só ante dor de orixe osteoarticular e durante curtos períodos de tempo.
- Antiepilépticos (pregabalina 450 mg/día)
- Outros fármacos para o control dos trastornos do sono, astenia-fatigabilidade, alteración do estado de ánimo, disautonomía...
- Infiltracións en puntos gatillo: pouco usadas, agás en síndrome locorrexionais: bloqueos semanais durante tres semanas consecutivas, con xilocaína ao 1%, procaína ao 0,5 ou ao 1%. Non son de utilidade os esteroides, agás en casos de patoloxía inflamatoria asociada (tendinite, capsulite, etc.).

BIBLIOGRAFÍA

1. Jordan KM, Arden NK, Doherty M, et al. EULAR Recommendations 2003: an evidence based approach to the management of knee osteoarthritis: report of a task force of the Standing Committee for International Clinical Studies Including Therapeutic Trials (ESCISIT). *Ann Rheum Dis* 2003;62:1145-1155.
2. Zhang W, Doherty M, Leeb BF, et al. EULAR evidence based recommendations for the management of the hand osteoarthritis-report of a task force of the EULAR standing Committee for International Clinical Studies Including Therapeutics (ESCISIT). *Ann Rheum Dis* published online 17 Oct 2006; doi:10.1136/ard 2006;062091.
3. American College of Rheumatology Subcomite on Osteoarthritis. Recommendations for the medical management of the osteoarthritis of the hip and knee. *Arthritis Rheum* 2002;43:1905-915.

9

MANEXO DA DOR NO PACIENTE POLITRAUMATIZADO

S. Fernández-Arruty Ferro

O paciente politraumatizado defínese como aquel ferido con lesións orgánicas múltiples producidas nun mesmo accidente e que ten repercusión circulatoria e/ou ventilatoria e que leve consigo risco vital. Cando só afecta ao aparato locomotor, denomínase polifracturado.

Unha vez estabilizado o paciente e logo de realizar a valoración inicial co recoñecemento primario e secundario, debemos proceder ao control da dor.

Debemos ter en conta que a dor aguda nos alerta dun dano real, por iso debemos de tratala o antes posible. É necesario valorar a dor pola súa intensidade, localización, características, irradiación, factores que a alivian ou a agravan.

Unha parte moi importante nos politraumatizados é que requiren sedación e control da dor, non só por razóns humanitarias, senón tamén para facilitar o transporte e a redución de fracturas e/ou luxacións e para a súa inmovilización posterior.

O tratamento axeitado da dor no politraumatizado ten como obxectivo conseguir a concentración mínima do analxésico máis idóneo no menor prazo de tempo posible, polo que a vía de administración debe ser a intravenosa, ben mediante bolus ou ben en infusión endovenosa continua, co que o efecto é rápido e se requiren doses máis baixas.

DOR EN TRAUMATISMO TORÁCICO

O traumatismo torácico adoita asociarse con fracturas costais e mesmo acompañarse de tórax inestable. Isto produce dor que, pola súa vez, reduce a capacidade de distensión e aumenta o traballo respiratorio

O propósito fundamental do tratamento da dor en pacientes con traumatismo pechado de tórax é axudar a restablecer a función ventilatoria e evitar unha depresión respiratoria. Se a dor é leve-moderada, o tratamento de elección son os AINE, a dose e a vía de administración valorarase en cada caso.

Se a dor é intensa e se acompaña de compromiso ventilatorio valorar técnicas de analxesia rexional e apoio ventilatorio.

DOR EN TRAUMATISMO CRANIOENCEFÁLICO

O paciente politraumatizado con TCE a miúdo se asocia con consumo de alcohol, drogas, hipoxemia, hipovolemia...

Nestes pacientes para controlar a dor poderían estar aconsellados os opiáceos unha vez controlada a respiración.

Cómpre lembrar que neste tipo de pacientes debemos controlar a dor para evitar os efectos degradadores que esta produce sobre o cerebro. Demostrouse que pequenas doses de morfina reducen o consumo de osíxeno nalgúns áreas do cerebro.

DOR EN TRAUMATISMOS EN COLUMNA E EXTREMIDADES

O importante neste tipo de traumatismos é unha rápida e correcta inmovilización e redución das fracturas/luxacións mediante táboa espiñal e os diferentes tipos de férulas, asociando fármacos analxésicos tipo AINE e antiespasmódicos, se as lesións son graves podemos asociar fármacos opiáceos.

DOR DE ORIXE VASCULAR

Este tipo de dor é moi frecuente en pacientes anciáns e prodúcese fundamentalmente por unha perfusión tisular inadecuada, a úlceras, a edema, espasmos arteriais...

A dor lixeira a moderada que se produce mesmo en repouso adoita responder a tratamento con AINE, podendo asociar opiáceos débiles. Se a dor é severa, debemos tratalos con opiáceos maiores.

DOR EN QUEIMADOS

Como en todos os politraumatizados, o máis importante é manter unha vía aérea permeable, controlar as perdas sanguíneas e asegurar a ventilación e

a perfusión sistémicas. Decidirase sobre a necesidade de intubación endotraqueal e respiración asistida.

A dor en pacientes con queimaduras pode ser moi intensa e acompañase dun alto grao de ansiedade.

Os opiáceos son fundamentais no tratamento da dor aguda grave. A morfina é a droga máis utilizada tanto para a dor aguda como para a producida polos procedementos terapéuticos como son a limpeza ou as curas. Ademais do efecto analxésico, producen certo grao de sedación. Tamén se utiliza a meperidina e o fentanilo.

A vía de administración de elección é a intravenosa.

No Servizo de Urgencias dispoñemos de analxésicos, AINE e opiáceos para administración por vía oral, intravenosa, transdérmica e subcutánea, ademais de fármacos coadxuvantes.

Dispoñemos de:

- Paracetamol en vías de 1 g
- Ibuprofeno 400 e 600 vía oral
- Ketorolaco vía intravenosa
- Dexketoprofeno vía intravenosa
- Diclofenaco vía oral e intravenosa
- Metamizol vía intravenosa e oral
- Asociación de paracetamol con tramadol
- Tramadol vía intravenosa e oral
- Morfina vía oral e intravenosa
- Fentanilo vía transdérmica e intravenosa
- Oxycodona vía oral
- Metadona vía oral
- Coadxuvantes:
- Benzodiacepinas, gabapentina, pregabalina etc.

BIBLIOGRAFÍA

1. Hernando A, et al. Soporte Vital Avanzado en Trauma. Ed. Masson 2000.
2. Jiménez Murillo L, Montero Pérez FJ. Medicina de Urgencias y Emergencias. Guía diagnóstica y protocolos de actuación. Ed. Elsevier 2009.
3. Marx J. Rosen's Emergency Medicine. Concepts and clinical practice. 7th Edition Ed. Mosby 2010.

PROTOCOLO DE TRATAMENTO DA DOR NEUROPÁTICA

J. Pardo Fernández

Segundo a Asociación Internacional para o Estudo da Dor (IASP), a dor neuropática é aquela que é iniciada ou causada por unha lesión ou disfunción do sistema nervioso. Non existe ningunha clasificación universalmente aceptada de cales son as entidades que causan dor neuropática, e propóñense clasificacións baseadas nas enfermidades que a orixinan, no lugar da lesión (nervio periférico, sistema nervioso central) e mesmo no mecanismo fisiopatolóxico subxacente. A máis utilizada é a baseada nas etioloxías, subdividindo segundo a localización da lesión no sistema nervioso periférico ou central. O termo disfunción incluído na definición de dor neuropática foi discutido na literatura, xa que permitiría incluír dentro da dor neuropática a entidades como a síndrome de dor rexional complexa tipo I ou a fibromialxia nas que non se pode obxectivar unha lesión do sistema somatosensorial de condución da dor. Para evitar a ambigüidade do termo disfunción, como proposta alternativa, un consenso dun grupo europeo propuxo unha nova definición na que é considerada como neuropática aquela dor que é consecuencia directa dunha lesión ou enfermidade que afecta o sistema somatosensorial.

A dor neuropática é un síntoma complexo, que pode aparecer en diversas enfermidades, que responde mal aos analxésicos convencionais (tales como os AINE) e que, a pesar do desenvolvemento de fármacos para este síntoma, non todos os pacientes obteñen un beneficio significativo co tratamento farmacolóxico. O tratamento farmacolóxico segue sendo a base do tratamento, pero este ha de ser multidisciplinar, incluíndo rehabilitación, apoio psicolóxico, bloqueos nerviosos, estimulación eléctrica transcutánea de alta frecuencia (TENS) de nervio periférico etc.

A continuación revísase o tratamento da dor neuropática en tres das patoloxías máis frecuentes: as polineuropatías dolorosas, a neuralxia postherpética e a neuralxia do trixémimo. Na figura 1 expónse un algoritmo terapéutico da dor neuropática.

POLINEUROPATÍAS DOLOROSAS


As polineuropatías dolorosas son a causa máis frecuente de dor neuropática. A polineuropatía diabética é o exemplo máis clásico deste grupo, pero todas son similares en sintomatoloxía e tratamento, salvo a neuropatía por VIH e a inducida por quimioterapia. A recomendación é usar como fármaco de primeira liña un antidepressivo tricíclico, como a amitriptilina ou un ligando das canles de calcio como a gabapentina ou pregabalina. Unha opción alternativa aos antidepressivos tricíclicos son os fármacos inhibidores da recaptación de serotonina e noradrenalina, duloxetine e venlafaxina, con menor eficacia, pero máis seguros e mellor tolerados, sobre todo en pacientes anciáns ou con risco cardiovascular. No tratamento de segunda ou terceira liña teríamos aos opiáceos, como a oxicodona, o tramadol que actúa tamén como inhibidor da recaptación de monoaminas, e os antiepilépticos oxcarbazepina e lamotrigina. Como fármacos de terceira liña poderíanse ensaiar outros como carbamazepina, levodopa e dextrometorfano, analxésicos tópicos como capsaicina ou lidocaína. A alternativa é usar en politerapia os fármacos con maior eficacia establecida, aínda que só existe experiencia coa combinación de venlafaxina e gabapentina e con gabapentina e morfina.

NEURALXIA POSTHERPÉTICA

A recomendación é usar como fármaco de primeira liña un antidepressivo tricíclico tipo amitriptilina ou un antiepiléptico tipo gabapentina ou pregabalina e deixar como segunda liña os opiáceos polo seu perfil de efectos secundarios. A lidocaína tópica a pesar de que a súa eficacia é menor, pola súa gran tolerabilidade, sería un fármaco que cumpriría ensaiar en anciáns, pacientes con alodinia ou áreas dolorosas de pequeno tamaño. Outras alternativas que cómpre ensaiar son a capsaicina, o tramadol ou o ácido valproico.

NEURALXIA DO TRIXÉMIMO

A recomendación é usar como fármaco de primeira liña a carbamazepina, podendo usar como alternativa a oxcarbazepina, sobre todo en anciáns.

Figura 1. Algoritmo terapéutico da dor neuropática

Como fármacos de segunda liña para pacientes que non toleren os dous anteriores, pódense ensaiar o baclofeno, a lamotrigina e a difenilhidantoina. En casos de falta de resposta ao tratamento farmacolóxico ou mala tolerancia a este, estaría indicado o tratamento cirúrxico.

BIBLIOGRAFÍA

1. Martínez-Salio A, Gómez A, Ribera V, Montero J, Blanco E, Collazo A, Ferrero A, Molet J, Oteo A, Gálvez R, Zamorano E, Peña, Pardo J. Guía de práctica clínica para el diagnóstico y tratamiento del dolor neuropático. Documento de consenso. Medicina Clínica, 2009. En prensa.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NA DOR TORÁCICA

I. Vidal Ferro

A dor torácica é unha das causas principais de consulta en atención primaria e urxencias.

Ante toda dor deste tipo sempre hai que descartar as causas de maior gravidade e emerxencia, que son fundamentalmente as de orixe cardiovascular (c. isquémica). Por iso resulta útil a clasificación da dor en:

Dor de orixe cardiovascular e dor de orixe non-cardiovascular.

Segundo a orixe anatómica, pódese clasificar en:

1. Dor parietal.
2. Dor de orixe visceral.
3. Dor torácica referida de estruturas fóra do tórax.

DOR DE ORIXE PARIETAL

Dor músculo esquelética

É a responsable de polo menos o 10% da dor torácica de orixe non-cardíaca.

Entre as lesións óseas inclúese calquera tipo de patoloxía nas vértebras, costelas, cartilaxes costais, esterno e articulacións. Exemplos:

- Dor crónica de orixe vertebral: poden ser causa da dor os discos intervertebrais, as articulacións costovertebral, costotransverso e interapofisarias torácicas. Os bloqueos destas últimas con anestésicos locais son eficaces.
- Dor condrocostal: caracterízase por dor na parede anterior do tórax que se irradia amplamente pola rexión preesternal e, ás veces, ás costas e abdome, de carácter xordo e continuo. O tratamento na fase aguda consiste

na utilización de calor seca e infiltracións locais con anestésico e corticoides depot. Na fase crónica pódense utilizar os AINE, opiáceos e outras modalidades físicas como o TENS. Síndrome de Tietze: trátase dunha costochondrite illada do 2.º espazo intercostal asociada ao 3.º no 40% dos casos. A clínica é similar. O tratamento é o mesmo.

- Síndrome esternoclavicular.
- Síndrome de costela esvarante.
- Síndrome miofasciales.

En xeral, en todos estes casos o tratamento consiste no uso de AINE combinados con opiáceos, ademais da posible aplicación de bloqueos intercostais antiinflamatorios. Cando se trata de problemas crónicos dexenerativos (neuropatías), pódense utilizar antiepilépticos.

Traumatismo torácico

O obxectivo do tratamento diríxese non só a aliviar a dor senón a evitar complicacións respiratorias (atelectasias e infeccións).

Sempre que sexa posible, a analxesia rexional é de elección. A analxesia multimodal, cun balance entre o uso sistémico e rexional dos fármacos, demostrou os mellores resultados.

Pódense realizar tres tipos de analxesia rexional:

- Bloqueo intercostal.
- Bloqueo paravertebral: técnica máis recomendable para a dor torácica unilateral.
- Bloqueo epidural: técnica de maior relevancia tanto no tratamento da dor postoracotomía como o producido tras traumatismos.

Dor neuropática

No tórax, as lesións poden producirse na medula espiñal (mielopatía), nas raíces dos nervios espiñais torácicos (radiculopatía), nos nervios espiñais (neuropatía), nos nervios intercostais (neuralxia intercostal) e nas ramas periféricas dos nervios espiñais (neuropatía periférica).

Unha das neuropatías máis frecuentes é a neuralxia postherpética. Tamén son comúns as producidas por lesións vertebrais, fracturas costais e as poscirúrxicas (síndrome postoracotomía e posmastectomía). O cancro pode producir este tipo de dor por compresión directa (como a síndrome de Pancoast) ou por metástases vertebrais ou costais (síndrome costopleural).

O cancro de mama, en ocasións, produce irritación do nervio intercosto-braquial ou de nervios do plexo braquial, o que conduce a un cadro de dor neu-

ropática con episodios de dor lancinante. O tratamento consistiría en opiáceos e antiepilépticos.

As lesións dos nervios espiñais e intercostais, denominadas neuralxias, teñen unha etioloxía variable. As súas causas máis frecuentes son traumas, cirurxía, infeccións e compresión. Exemplo destas situacións son as síndrome dolorosas postoracotomía ou postmastectomía.

Tratamento da dor neuropática

Os fármacos coa mellor eficacia establecida en distintas situacións de dor neuropática e recomendados como primeira liña inclúen ADT, gabapentina e pregabalina (evidencia nivel A).

Os fármacos con eficacia menos establecida que se recomendan como de segunda liña inclúen a lidocaína tópica, ISRS e de noradrenalina como a venlafaxina e duloxetina, lamotrigina e tramadol.

Os opiáceos deberían indicarse como de segunda-terceira liña de tratamento.

Doses habituais dos fármacos utilizados

Dose inicial-Dose Mantemento:

- ADT 10-25 mg/día 50-150 mg/dl.
- Antiepilépticos:
 - Pregabalina 75-150 mg/día, 150-300 mg/2 veces día.
 - Gabapentina 300 mg/día, 300-1200 mg/3 veces día.
- Opiodes:
 - Oxycodona 10 mg/12 h, 20-60 mg/12 h.
 - Fentanilo 25 mcg/h, 25-100 mcg/h.
 - Tramadol 50 mg/día máximo 400 mg/día.

Neuralgia postherpética (NPH)

É unha síndrome de dor neuropática que aparece tras a curación dun herpes zóster agudo e na mesma distribución ca este. Os síntomas inclúen dor xorda constante, dor espontánea lancinante de características eléctricas de curta duración e alodinia.

Tratamento da NPH:

- Os ADT son os fármacos de primeira elección (amitriptilina).
- Anticonvulsivantes asociados á ADT ou como primeira opción (pregabalina ou gabapentina).
- Terapéuticas tópicas: parche de Capsaicina ao 8%. Parche de lidocaína ao 5%.

- TENS.
- Analxésicos: deben utilizarse opiáceos e de forma graduada. Iniciarase tratamento, por exemplo, con tramadol e seguirase con buprenorfina, fentanilo transdérmico, morfina, oxicodona ou hidromorфона.
- As técnicas invasivas como a administración espiñal de fármacos constitúen o último chanzo de tratamento.

DOR VISCERAL

- Dor de orixe cardiovascular.
- Dor de orixe non cardiovascular.

Dor de orixe cardiovascular

Neste punto, o máis importante é descartar que a dor torácica non sexa de orixe vascular polas implicacións diagnósticas e terapéuticas vitais que esta leva asociadas.

Dor de orixe non cardiovascular

Erge e trastornos da motilidade esofáxica

É a causa máis frecuente de dor torácica non-cardíaca. O tratamento consiste en modificacións dietéticas, supresión do tabaco, anti H₂, antiácidos ou inhibidores da bomba de protóns.

Dor pulmonar

As causas máis frecuentes son as bronquiectasias e a hipertensión pulmonar.

O tratamento pode realizarse só con AINE ou asociados a opiáceos débiles como codeína ou tramadol.

DOR TORÁCICA REFERIDA DE ENFERMIDADES EXTRATORÁICAS

Pode deberse a enfermidades da columna cervical, síndrome do estreito torácico, diversas enfermidades abdominais (tumores gástricos, abscesos subfrénicos, etc.), patoloxía retroperitoneal.

Tratamento da enfermidade de base asociado a opiáceos e outros fármacos como ADT/ISRS ou anticonvulsivantes en caso de que produzan dor neuropática.

BIBLIOGRAFÍA

1. Cid J, De Andrés J, Díaz L, et al. Dolor torácico crónico. Rev Soc Esp Dolor 2005; 12: 436-454.
2. Catalá E, Ferrándiz M, Genové M. Manual de tratamiento del dolor. 2008, Ed. Permanyer; "Dolor neuropático", páxs. 327-335, "Neuralgia postherpética", páxs. 337-353, "Técnicas de nueromodulación", páxs. 165-183.
3. Kassian Rank A, Corral Kassian E. Dolor torácico de origen osteomuscular. Dol Clin Ter 2003; II (6): 21-23.
4. González-Escalada JR. Dolor torácico. En: Torres LM. Medicina del dolor. Barcelona: Ed. Masson, 1997. Páxs. 651-67.
5. Thurston et al. Chest pain in the absence of coronary artery disease: a biopsychosocial perspective. Pain 2001; 93: 95-100.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN DOR DE ORIXE DIXESTIVA

A.M. Álvarez Castro, J. Iglesias Canle

A dor é definida como unha experiencia desagradable que reflicte a existencia dun dano tisular presente ou inmediato. É frecuente que o paciente experimente unha sensación de ansiedade, este compoñente emocional xera unha reacción de estrés que pon en marcha mecanismos neurovexetativos responsables dunha serie de síntomas frecuentemente asociados á dor. O estímulo doloroso en si mesmo xera unha resposta motora do tubo dixestivo e unha contracción muscular no mesmo segmento neural. Dentro da patoloxía dixestiva descríbense tres tipos distintos de dor abdominal: visceral, parietal ou somática e referida.

- *Dor visceral*: xeralmente xorda, algunhas veces intensa; adoita cambiar ou flutuar en intensidade; ten unha localización vaga e percíbese habitualmente na liña media, independentemente da situación anatómica do estímulo; o paciente pode describila como aguda, cambras, retorzóns ou ardentía e algunhas veces mesmo referirse a ela como algo desagradable acompañado con inquietude, náuseas, vómitos, suor ou palidez etc.).
- *Dor parietal ou somática*: tende a ser máis aguda, máis intensa e probablemente máis sostida; localízase con máis precisión, indicando habitualmente o lugar anatómico do estímulo; adoita agravarse co movemento, polo que o paciente ten propensión a permanecer inmóbil.
- *Dor referida*: combina as características da dor somática e visceral, tende a estar claramente localizada en zonas remotas ao estímulo incitante, involucradas polo mesmo segmento neural ca o órgano lesionado; frecuentemente, acompáñase de hiperestesia muscular ou cutánea na zona de referencia. Ocasionalmente, a sensación de dor predomina nas zonas de

referencia e a dor visceral que a provoca é máis suave, de modo que o paciente apenas a menciona ou mesmo a esquece.

Ao mesmo tempo, podería catalogarse a dor abdominal de carácter agudo ou crónico, sendo a de carácter agudo a que precise dunha administración de tratamento que controle de forma máis rápida a dor deixando o enfoque do tratamento crónico para aquelas actuacións englobadas habitualmente no tratamento do estado postoperatorio ou mesmo oncolóxico.

Dentro do tratamento habitualmente utilizado na dor abdominal aguda non-cirúrxica ou no período inmediatamente anterior á actuación cirúrxica podemos diferenciar analxésicos de acción periférica, utilizados xeralmente en dor de intensidade leve ou moderada e analxésicos de acción central que, á parte de acción puramente antiálxica, presentan unha acción ansiolítica sobreengadida moi necesaria en dor de intensidade grave ou non controlada por analxésicos "menores".

ANALXÉSICOS DE ACCIÓN PERIFÉRICA

Indicado na dor de intensidade leve a moderada e con compoñente inflamatorio.

Analxésicos antitérmicos

Paracetamol (Perfalgan®, Termalgin®): 0,5-1 g cada 4-6 horas. Dose máxima 6 g/día. En pacientes portadores dunha enfermidade hepática crónica non se recomentan doses superiores a 2 g/día. En caso de enfermidade infecciosa concomitante, medirase a temperatura corporal antes da súa administración.

Metamizol magnésico (Nolotil®): moi importante o seu papel na patoloxía dixestiva debido á súa actividade espasmolítica (relaxante do músculo liso). Dose de 500-2000 mg/6-8 horas. Dose máxima 8000 mg/día.

Antinflamatorios non-esteroides

- De forma xeral non se recomenda o seu uso (á elección do facultativo).
- Analxésico de acción periférica que podería empregarse para bloquear receptores periféricos (por exemplo, pancreatite aguda).
 - Só demostraron eficacia en pancreatite leve.
- Efectos secundarios: acción lesiva na mucosa do tracto gastrointestinal, nefrotoxicidade.
- Factores de risco:

- Idade > 70 anos.
- Tratamento concomitante con antiagregantes e anticoagulantes.
- Enfermidades de base con contraindicación relativa: enfermidade hepática crónica, enfermidade inflamatoria intestinal.
- Presenza ou antecedente de hemorraxia dixestiva alta (úlceras gástrica, úlcera duodenal), enfermidade diverticular de colon, gastropatía, enteropatía ou colopatía por antiinflamatorios non-esteroides...

ANALXÉSICOS DE ACCIÓN CENTRAL (DERIVADOS OPIÁCEOS)

De elección na dor de intensidade moderada (pancreatite aguda, cólico biliar) ou ben cando os analxésicos periféricos non a controlen nas primeiras 48 horas dende unha administración a pesar de aplicar doses plenas. Non se debe atrasar a aplicación de analxésicos de acción central cando o cadro agudo é intenso dado que é frecuente que o paciente experimente unha sensación de ansiedade, o que pon en marcha mecanismos neurovexetativos asociados á dor que engaden desconfort e agravamento clínico. Os máis utilizados:

- Petidina ou meperidina (Dolantina®): 50-100 mg cada 2-4 horas. Derivado opiáceo cun efecto 10 veces inferior á morfina. De elección en patoloxía biliar e pancreática polo seu efecto anticolinérxico e o seu posible beneficio sobre a presión das vías biliares no ámbito da función sobre o esfínter de Oddi (controvertido). Os efectos secundarios son aqueles derivados do aumento de sensibilidade do aparato laberíntico (náuseas, vómitos, vertixes e mareos) polo que se aconsella a mínima dose eficaz. Con doses elevadas poden aparecer signos de excitación, axitación, alucinacións ou mesmo delirio.
- Tramadol (Adolonta®): dose de 50-100 mg cada 6-8 horas con teito terapéutico en 400 mg/día. Potencia 5-10 veces inferior á da morfina. Indicado para cadros de dor de intensidade moderada. Ten a vantaxe sobre a petidina de maior estabilidade cardiovascular e menos reacción vagal.
- Morfina (Cloruro Mórfico Braun® 1%-2%): dose de 5-10 mg cada 4 horas (30-60 mg/día) por vía intravenosa. A duración do seu efecto é dunhas 2-3 horas. A dose debe ser máis baixa en caso de idade avanzada ou cando existe unha grave deterioración do estado xeral e son necesarias doses máis altas en caso de toma previa doutros opiáceos ou dores de moi alta intensidade. A terapia de rescate pode utilizarse para lograr o control analxésico. En caso de que durante a fase aguda se precisase a administración

de dose elevada, a súa retirada ha de ser progresiva para evitar a aparición dunha síndrome de abstinencia (diminuír 2/3 da dose os dous primeiros días, $1/2$ dose os días seguintes e suspender esta ao final da semana). Dentro dos efectos secundarios, hai que salientar a posibilidade de depresión respiratoria (non combinar con miorrelaxantes nin outros opiáceos) polo que se aconsella unha utilización responsable destes.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CEFALÉAS

F.J. López González

As cefaleas son un importante problema de saúde no mundo occidental. A xaqueca é o motivo máis frecuente de consulta en neuroloxía, cunha prevalencia do 10-16%. Cada persoa que padece xaquecas perde ao ano unha media de 5-7 días de traballo a causa das súas crises de dor.

CRITERIOS DIAGNÓSTICOS

O diagnóstico baséase en criterios clínicos (Táboa 1) e é importante coñecer a intensidade, localización e carácter da dor, así como se hai sintomatoloxía neurolóxica focal. É conveniente indagar antecedentes familiares.

TRATAMENTO DAS CRISES DE XAQUECA

Cun diagnóstico ben probado, débese facer unha valoración personalizada en cada paciente: explicarlle o seu problema, identificar os factores desencadeantes (estrés, ansiedade, depresión, consumo de alimentos como chocolate ou alcohol, exceso ou falta de sono, algúns olores etc.). En segundo lugar, é necesario un tratamento rápido da dor (pois o 70% das xaquecas leves non tratadas pasan a moderadas e intensas). Se a crise de xaqueca é leve-moderada, débese utilizar un AINE asociado a un antiemético se hai náuseas ou vómitos (Táboa 2) (nivel de certeza 1, grao de recomendación A).

Se houbese ineficacia do tratamento ou a crise fose moderada ou severa débense utilizar triptanes (Táboa 3) (nivel de certeza 1, grao de recomendación A). En primeiro lugar, a formulación oral, se hai náuseas ou vómitos a nasal ou subcutánea. Pódese administrar unha segunda dose se falla a pri-

Táboa I. Criterios diagnósticos da xaqueca con ou sen aura (IHS, 04)

XAQUECA SEN AURA	XAQUECA CON AURA
Cinco crises con estes criterios:	Dous ou máis crises que cumpran os seguintes criterios:
• Duración de 4-72 horas • Cefalea con dúas das seguintes características: – Localización unilateral – Calidade pulsátil – Intensidade moderada ou grave – Agravamento por actividade física • Asociación con 1 das seguintes circunstancias: – Náuseas ou vómitos – Fotofobia e sonofobia • Non é atribuíble a outra causa	• Que as crises vaian precedidas de aura (un dos seguintes síntomas, pero sen debilidade): – Síntomas visuais reversibles - Positivos: luces, liñas - Negativos: perda de visión – Síntomas sensitivos reversibles - Positivos: formigos, parestesias - Negativos: adormecemento – Trastorno da linguaxe reversible • A aura debe cumprir: – Síntomas visuais homónimos e/ou unilaterais – Desenvolvemento gradual (máis de 5 minutos) – Duración entre 5 e 60 minutos • A cefalea cumpre criterios de xaqueca sen aura e comeza durante a aura ou 60 minutos despois de finalizar esta

Táboa II. Tratamento da crise leve-moderada

AINE (con eficacia demostrada na xaqueca)	ANTIEMÉTICOS
Aspirina 500-1000 mg, oral (AAS 500*)	Metoclopramida 10 mg, oral (Primperan*)
Naproxeno Na 550-1000 mg, oral (Antalgin 550* 10*)	Domperidona 10-20 mg, oral (Motilium)
Ibuprofeno 600-1200 mg, oral (Neobrufen 600*)	
Diclofenaco Na, 50-100 mg, oral (Voltaren 50*), 100 mg rectal ou 75 mg IV	
Dexketoprofeno 25-50 mg, oral (Enantyum 25*), 50 mg IV	

meira aos 120 minutos. Hai que evitar os ergóticos (efectos secundarios, risco de cefalea de rebote, así como na fase de aura da xaqueca e na xaqueca con aura prolongada), tampouco hai estudos que avalen a utilización de metamizol.

TRATAMENTO DAS CRISES DA XAQUECA EN NENOS E ADOLESCENTES

Pódense utilizar analxésicos simples (ibuprofeno, paracetamol, naproxeno ou AAS) ou triptáns (sumatriptán nasal: 10 mg, ou naratriptán oral: 2,5 mg).

Táboa III. Tratamento da crise moderada-severa**TRIPTÁNS**

PACIENTE CON XAQUECA ESTÁNDAR	CRISES INTENSAS, CURTA DURACIÓN	CRISE DE LONGA DURACIÓN	
		INTENSAS	MODERADAS
Sumatriptán oral, 50 mg (Imigran®) • Nasal, 10 mg (nenos) e 20 mg (adultos)* • sc, 6 mg**	Rizatriptán oral, 10 mg (Maxalt 10°) (Maxalt Max 10°)	Eletriptán Oral 20 e 40 mg (Relpax 20°) (Relpax 40°)	Frovatriptán oral, 2,5 mg (Forvey 2,5°) Naratriptán oral 2,5 mg (Naramig 2,5°)
Zolmitriptán oral, 2,5 e 5 mg (Zomig 2,5°) • Nasal 5 mg* (Zomig Flash 2,5 e 5°)			
Almotriptán oral, 12,5 mg (Almogran®) (Amignul®)			

*Crises resistentes á vía oral/vómitos. **Crises resistentes á vía oral/nasal.

TRATAMENTO DAS CRISES DA XAQUECA EN EMBARAZADAS

Pódese utilizar o paracetamol (pouco eficaz). O naproxeno ou o ibuprofeno deben evitarse no terceiro trimestre.

TRATAMENTO DO STATUS DE XAQUECA

Débese utilizar unha combinación de analxésicos IV (ketorolaco: 60 mg, meperidina: 1 mg/kg) ou sumatriptán s.c. asociados a antieméticos (metoclopramina) con reposición hidrosalina e nalgúns casos sedación (clorpromazina: 12,5 mg ou diazepam: 10 mg). Se falla, pódense utilizar pautas de corticoides (dexametasona: 8-16 mg ou metilprednisolona: 60-120 mg IV/d con pauta descendente durante 2-4 días).

TRATAMENTO PREVENTIVO

Débese formular cando a frecuencia das crises sexa elevada (dúas ou máis ao mes, con dor de intensidade severa e falta de resposta ao tratamento apropiado, provocando impacto sobre a calidade de vida tres días ao mes ou sexa necesario o tratamento sintomático agudo máis de dúas veces por semana). Tamén é indicación de tratamento preventivo se existen complicacións: aura prolongada, xaqueca hemipléxica, basilar, infarto de xaqueca, crise epiléptica. Son de primeira elección tanto o topiramato (50-200 mg vía oral) no caso de xaqueca con ou sen aura, desexo de efecto rápido, obesidade e/ou epi-

lepsia como o betabloqueante (propanolol: 40-160 mg; nadolol: 40-160 mg; atenolol: 50-100 mg) no caso de xaqueca sen aura, HTA, paciente delgado e CI ao topiramato como litíase renal ou glaucoma. Se non hai resposta despois de seis meses de tratamento, como segunda liña estarían a flunaricina (2,5-10 mg), o ácido valproico (300-1500 mg) ou a amitriptilina (12,5-100 mg) (se hai depresión asociada).

BIBLIOGRAFÍA

1. Guía para el diagnóstico y tratamiento de las cefaleas. Sociedade Española de Neuroloxía. Prous Science eds. (Barcelona), 2006.
2. "Clasificación Internacional de las Cefaleas. IHS". Cephalalgia, 24: Suppl 1; 2004.

ANALXESIA E SEDACIÓN EN PACIENTES ONCOLÓXICOS

L. León Mateos

DOR CRÓNICA ONCOLÓXICA

Recomendacións xerais para o uso correcto de analxésicos

- Diferenciar causas: debida ao cancro, ao tratamento ou a enfermidades non relacionadas co cancro nin co seu tratamento.
- Diferenciar os tipos de dor que pode ter un paciente oncolóxico: aguda ou crónica, basal e irruptiva ou incidente.
- Utilizar escalas, como a escala analóxica visual, para medir a intensidade da dor: dor leve (< 4), moderada (4-6), intensa (7-10).
- Se é posible, utilizar a vía oral.
- Utilizar fármacos coadxuvantes (ansiolíticos, antidepressivos etc.) para mellorar o resto de factores que aumentan ou diminúen o límite dor e apoio psicosocial (sono, repouso, estado de ánimo, incomodidade, insomnio, depresión, abandono social etc.).
- Na dor crónica hai que administrar analxésicos a doses plenas e intervalos regulares con dor ou sen dor (previr a reaparición).
- Non utilizar dous analxésicos do mesmo chanzo nin sequera de modo alter-nante.
- Non utilizar un placebo.
- Facer profilaxe de náuseas e estrinximento de forma enérxica.
- Considérase dor controlada se a intensidade é < 3 con pouca toxicidade.
- Ao cambiar de analxésico ou vía, usar dose equianalxésicas.
- Non usar simultaneamente un opiáceo débil e potente (retirar o débil se se inicia tratamento co opiáceo maior).

Táboa I

FÁRMACO	DOSE ORAL MEDIA (mg)	INTERVALO (horas)	DOSE MÁXIMA (mg/24h)
Paracetamol	650-1000	4-6	6.000
A. A. salicílico	500-1000	4-6	6.000
Metamizol	500-2000	6-8	6.000
Ibuprofeno	200-600	4-6	3.600
Naproxeno	250-500	6-12	1.500

Exemplos dos máis usados en Oncoloxía

- A dose do analxésico dependerá da intensidade da dor e axustarase individualmente (titulación e rescates) e, unha vez obtida, manterase.
- Non iniciar de modo exclusivo analxésicos retard se non se utiliza tamén un analxésico equivalente de acción curta.

Iníciase a analxesia por un primeiro chanzo con AINE e, segundo a intensidade, aumentarase o chanzo ata alcanzar un axeitado control da dor.

1. Primeiro chanzo (Táboa 1).

2. Segundo chanzo:

- Tramadol
 - Acción inmediata:
 - Comprimidos 50 mg/6 horas = solución: 4 pulsacións
 - Ampola 100 mg (pode administrase vía SC)
 - Acción retard (inicio 1 h, pico 2-3 h, duración 12 h):
 - Adolonta retard® 100, 150 e 200 mg
- Buprenorfina transdérmica
 - Transtec® de 35 µg/h: 52,5 µg/h 70 µg/h

3. Terceiro chanzo:

- Morfina oral
 - Acción inmediata: pico 60, duración efecto 4 h.
 - Sevredol®: 10 e 20 mg
 - Ampolas de Cl. mórfico: 10 e 400 mg (poden usarse SC)
 - Oramorph®: solución oral en unidoses ou frasco (2,6 e 20 mg/ml)
 - Acción retard (inicio 1 h, pico 2-3 h, duración 12 h):
 - MST continus®: 5, 10, 15, 30, 60, 100 e 200 mg. Non mastigar.
- Oxycodona
 - De acción inmediata (Oxynorm®) comprimidos de 5, 10 e 20 mgr e solución oral de 10 mgr/ml (pico 60')

- De liberación retard (Oxicontin® comprimidos de 10, 20, 40, 80 mg (pico 2 h, duración 12 h).
- Fentanilo transdérmico: Durogesic®, Matrifen® parches de 25, 50, 75 e 100 µg: duración 72 horas.
- Fentanilo transmucosa oral (Actiq® 200, 400, 600, 800, 1.000, 1.200 µg).

Indicarase a rotación a calquera outro opiáceo dende a morfina en casos de dor controlada con gran toxicidade ou fracaso analxésico, malia o correcto uso da morfina. A relación da dose diaria equivalente de morfina oral con respecto a morfina SC, oxicodona, fentanilo transdérmico é 2:1.

- 100 mg de morfina oral diaria corresponden a: 50 mg de morfina SC.
- 50 mg de oxicodona VO.
- 50 mcg de fentanilo TTS (cada 72 h).

En casos de dor neuropática, utilizar preferentemente oxicodona, soa ou en combinación con AINE, pregabalina ou amitriptilina.

CRITERIOS DE SEDACIÓN

Está indicada a sedación paliativa nos pacientes que reúnen as seguintes características:

1. Existencia dunha enfermidade avanzada en situación terminal.
2. O paciente mostra sufrimento derivado da existencia dun síntoma ou síntomas refractarios.
3. Inexistencia de tratamentos específicos da enfermidade (ou non se indica a súa utilización) nin medidas sintomáticas adecuadas para aliviar os síntomas.
4. Na maioría dos casos prevese un falecemento próximo.
5. Existirá unha indicación de limitación de esforzo terapéutico e non reanimación.

Protocolo de sedación

1. Medidas xerais:

- Suspender medicación/intervencións non necesarias.
- Suspender constantes vitais. Especificar a non aplicación de medidas de reanimación.
- Coidado da pel, boca e ollos, control de evacuación, retención urinaria e estrinximento, medidas posturais e ambientais.
- Atención psicolóxica ao paciente e á familia.

2. Fármacos para a sedación:

- Decídese a vía de administración de fármacos (subcutánea ou intravenosa).
- O tratamento baséase na combinación de midazolam (Dormicum®) e/ou levopromazina (Sinogan®) + hioscina (Buscapina®). Manterase a analxesia previa.
- Se se utiliza a vía subcutánea, calcúlase a dose de medicación para un infusor diario. Se se utiliza a vía intravenosa, os fármacos combínanse en 250 cc de soro salino cada 8 h.

Midazolam

- **Vía subcutánea:** Utilízase o rango inferior de dose para pacientes que non tomaban midazolam previamente, anciáns ou moi debilitados.
 - Dose de indución en bolus: 2,5-10 mg.
 - Dose de rescate. A mesma dose de indución administrada novamente se non se obtén sedación axeitada.
 - Dose de mantemento para a infusión continua subcutánea: 10-45 mg/día.
- **Vía endovenosa:** Para preparar e administrar un bolus de indución, recoméndase diluír unha ampola de midazolam (15 mg/3ml) en 7 ml de soro fisiolóxico, nunha xiringa de 10 ml, para conseguir unha dilución 1 ml = 1,5 mg. Débese administrar o bolus de indución cada 5 minutos, con supervisión directa do médico ou da enfermería, ata conseguir a sedación. A dose utilizada será a dose de indución.
 - Dose de indución en bolus: 1,5-3 mg IV cada 5 minutos ata conseguir sedación.
 - Dose de rescate. A mesma dose de indución administrada novamente se non se obtén sedación axeitada.
 - Dose de mantemento para a infusión continua endovenosa: 10-30 mg/día.

Levopromazina

En caso de non conseguir un axeitado control de síntomas con midazolam, engadírase levomepromazina. Antes de iniciar a levomepromazina, redúcese á metade a dose de midazolam.

- **Vía subcutánea:**
 - Dose de indución en bolus: 12,5-25 mg.
 - Dose de rescate: 12,5 mg.
 - Dose de mantemento para a infusión continua subcutánea: 100 mg/24h.

- **Vía endovenosa:**

- Dose de indución en bolus: 6 -12,5 mg.
- Dose de rescate: 6 mg.
- Dose de mantemento para a infusión endovenosa: 50 mg/24h.

Hioscina

Habitualmente empréganse 60 mg/día (3 ampolas de 20 mg) por vía subcutánea ou intravenosa.

BIBLIOGRAFÍA

1. Ellershaw J, Ward C, Neuberger RJ. "Care of the dying patient: the last hours or days of life. Commentary: a "good death" is possible in the NHS". *British Medical Journal* 2003; 30-34.
2. Vilches Aguirre Y, González Barón M, Calvo F. Cuidados en la agonía. Síntomas refractarios y sedación. En: González Barón M, Ordóñez M, Feliu F. et al [ed]. *Tratado de medicina paliativa y tratamiento de soporte del paciente con cáncer*. Ed. Panamericana, 2007. Páxs. 799-809.
3. Billings JA. *Principles and Practice of Palliative Care and Supportive Oncology*. Second ed., 2002.

PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN DOR REFRACTARIA

J.J. Carceller Ruiz

DOR AGUDA

En xeral trátase de dor aguda postoperatoria, pero tamén engloba outro tipo de dores agudas non oncolóxicas e non cirúrxicas (dores neuropáticas, vasculares, pancreatopatías, etc.) e aplícanse as mesmas normas. Debemos aceptar que, se existe dor non-controlada, é debido a unha terapéutica inadecuada máis que a problemas propios do paciente.

- Causas máis frecuentes de analgesia inadecuada:
 - Medicación insuficiente (infravaloración dor, medo opiáceos).
 - Formación inadecuada prescriptor.
 - Comunicación inadecuada médico-paciente.
 - Ausencia de tratamentos individualizados.
 - Atraso inicio analgesia.
 - Métodos inadecuados administración fármacos.
- Falta de resposta a paracetamol e AINE:
 - Tendencia errónea a prescribilos se dor ou c/8-12 horas cando é factible a súa administración c/6 horas.
 - Atraso inadecuado na súa administración.
 - Interrupción da terapia por efectos secundarios (hipotensión, náusea etc.).
 - A causa principal é a elección inadecuada destes fármacos como único tratamento (sen asociar mórficos).
- Falta de resposta a mórficos menores:
 - Prescripción como analxésico único (sen asociar a AINE-paracetamol).

- Interrupción da súa administración por efectos secundarios (moi frecuentes náuseas-vómitos) por non dilución/antieméticos profilácticos.
- Falta de resposta a opiáceos maiores:
 - Atención á técnica anestésica: analxesia insuficiente intraoperatoria ou utilización de mórficos con vida ultracurta. Requírese uso de morfina 2-3 mg/5 min ata que a dor estea controlada e non haxa efectos secundarios maiores.
 - Atención a paciente con tratamento previo con opiáceos. Administración da metade da súa dose habitual de xeito continuo, asociado ao uso de mórficos a doses convencionais.
 - Atención á caracterización da dor, necesidade de emprego de fármacos coaduvantes (dor neuropática, visceral).
 - Atención á exploración clínica. Posibilidade de complicacións cirúrxicas como causa de dor.
 - Prevención e tratamento de efectos secundarios, que poden ser tan molestos como a dor e facer que se deixe de empregar analxesia.
- Optimización de analxesia baseada en opiáceos:
 - Asociar paracetamol e AINE permite a redución de opiáceos e efectos secundarios.
 - Asociar antieméticos e outros fármacos para tratamento de efectos colaterais.
 - Rotación de opiáceos.
 - Utilizar fármacos adxuvantes se hai dor neuropática ou visceral.
 - Técnicas rexionais se a pesar medidas tomadas e descartada complicación.
- Falta de resposta aos bloqueos nerviosos centrais ou periféricos:
 - Colocación do catéter fóra do seu lugar (estudo radiolóxico con contraste, estimulación ou dose test).
 - Comprobación da súa permeabilidade (cóbado, filtro).
 - Concentración do anestésico insuficiente (área que se quere bloquear está insensibilizada á temperatura e á picada pero presenta dor) ou ritmo inadecuado ou insuficiente de administración.

DOR CRÓNICA OU DOR ONCOLÓXICA

Resistencia a opiáceos. Hiperalxesia por opiáceos. Rotación

No 10-30% de pacientes a tratamento con opiáceos requírese cambio ou rotación de opiáceos por:

- A dor está controlada, pero os efectos secundarios son intolerables.
- A dor non está controlada, pero é imposible aumentar a dose polos efectos secundarios provocados.
- A dor non está controlada, a pesar de aumento rápido de dose, aínda que non se produzan efectos secundarios incoercibles.

Tanto na tolerancia (diminución sensibilidade a opiáceos) como na hiperalgesia (incremento sensibilidade á dor) parecen estar implicados os receptores NMDA e cambios celulares en vías moduladoras descendentes.

Rotación morfina-metadona

- Metadona: opiáceo de elección en dor neuropática (actividade NMDA)
Dose inicial: 1/10 parte dose total morfina/diaria.
Dose máxima en toma única ≤ 30 mg.

Guía de conversión

- Dose carga de metadona: 1/10 parte morfina/día ata máximo de 30 mg
- Doses posteriores regulares de metadona c/12 horas (1/20 parte de morfina total, a metade de dose carga)
- Dose de rescate: 1/8 da dose carga
- Dose regular c/12 horas non se debe de alterar ata o quinto día.

Dose de carga e doses regulares

- Dose de carga administrada no momento en que correspondía dose de morfina (4 horas morfina oral, 12 horas despois opiáceos de liberación retardada ou 12 horas despois de retirado parche de fentanilo).
- Se o paciente estaba recibindo dose de morfina < 300 mg/día, a dose de carga de metadona será de 30 mg, seguida de doses regulares de 15 mg cada 12 horas (dose máxima de inicio).
- En paciente maior ou moi debilitado, non se administrará dose de carga e prescribiranse doses regulares c/12 h (1/20 parte dose total morfina).

Dose de rescate de metadona

En paciente con dose de carga inicial de 30 mg, as doses de rescate serán de 3-4 mg cada > 3 horas.

Pode adiantarse a dose regular antes de 12 horas e non dar a dose de rescate.

Táboa I. Réxime recomendado para pacientes que reciben 300 mg/día morfina liberación controlada

	DÍA 1	DÍA 2	DÍA 3
8 horas	150 mg morfina	30 mg metad.	15 mg metad.
20 horas	150 mg morfina	15 mg metad.	15 mg metad.

En caso de necesidade de substitución rápida de morfina por metadona, pódese usar ratio 5: 1 (morfina: metadona)

Dor non controlada

Existe dor a pesar do uso de rescate < 3 horas e do adianto da dose regular. Aconséllase repetir a dose de carga e volver a dose de rescate 1/8 dose de carga [vixilancia].

Incremento dose

Manter a dose regular ata o quinto día aínda que se requiran doses de rescate durante este tempo para aumentar a dose regular a partir do devandito día segundo necesidades.

Rotación morfina-hidromorfona

Relación morfina/hidromorfona: $\pm 5/1$ vía oral/SC.

Rotación morfina-oxiconona

Relación morfina/oxiconona: 1,4 -2/1 vía oral /SC.

Rotación morfina-fentanilo

Conversión morfina/fentanilo: 100-150 / 1 [parche de 50 μ g/h corresponde a 1 mg/día, ou sexa 120 mg de morfina oral equivalen a un parche de 50 de fentanilo] (Táboa 2).

Rotación metadona-fentanilo

Ratio metadona-fentanilo transdérmico 20: 1.

Conversiones segundo vía de administración: 100 mg de morfina oral = 33 mg de morfina IV = 1 mg fentanilo TTS = 1 mg fentanilo IV = 20 mg metadona oral = 16 mg metadona IV.

Nomes comerciais

- Morfina liberación retardada (MST®, Skenan®), comprimidos e cápsulas.
- Morfina liberación inmediata (Sevredol®, Oramorph®), comprimidos e solución.

Táboa II. Dose de conversión de morfina oral a fentanilo transdérmico

MORFINA ORAL (mg/día)	FENTANILO TTS (µg/hora)
30-90	25
91-150	50
151-210	75
211-270	100
271-330	125
331-390	150
391-450	175
451-510	200
511-570	225
571-630	250

- Fentanilo transdérmico (Durogesic®, Matrifen®, Fendivia®), parches.
- Fentanilo transnucoso (Actiq®), comprimidos para chupar con aplicador).
- Metadona (Metasedin®), comprimidos ou solución farmacia.
- Oxycodona liberación retardada (Oxycontin®).
- Oxycodona liberación inmediata (Oxynorm®), comprimidos ou solución.
- Oxycodona-naloxona (Targin®).
- Hidromorfona liberación retardada (Jurnista®). Non existe no noso país liberación inmediata.

Outras medidas

- Bloqueos nerviosos (bloqueos centrais epidural ou intradural, bloqueos de plexos, bloqueos ganglios).
- Fármacos independentes de opiáceos con efecto analxésico (antidepresivos, anticomiciais, anestésicos locais, AINE, glucocorticoides, bifosfonatos).
- Fármacos que aumentan a analxesia producida por opiáceos (antagonistas NMDA: ketamina oral 0,5 mg/kg c/8 horas ou IV 0,1-0,2 mg/kg, clonidina, antagonistas Ca).
- Radioterapia (compresión medular, plexos).
- Técnicas ortopédicas (estabilización fracturas, cifoplastia-vertebroplastia).

BIBLIOGRAFÍA

1. Moorley JS, Makin MK. The use of methadone in cancer poorly responsive to other opioids. Pain Rewires 1998;5:51-58.

2. Mercadante S, Bruera E. Opioid switching: a systematic and critical review. *Cancer Treatment Reviews* 2006;32:304-315.
3. DuPen A, Shen D, Ersek M. Mechanisms of opioid-induced tolerance and hyperalgesia. *Pain Management Nursing*. 2007;3:113-121.
4. Mercadante S, Portenoy SK. Opioid poorly-responsive cancer pain. Part 3. Clinical strategies to improve opioid responsiveness. *J Pain Symptom Manage* 2201;21: 338-354.
5. Visser E, Schug SA. The role of ketamine in pain management. *Biomedicine & Pharmacotherapy* 2006;60:341-348.
6. Convertidor mórficos: <http://www.globalrph.com/narcotic.cgi>

MANEXO DE CATÉTERES E SISTEMAS DE ANALXESIA POSCIRÚRXCOS

M.V. Rial Munin

A analxesia rexional xoga un papel fundamental no control da dor postoperatoria xa que proporciona unha melloría na calidade analxésica e na redución da incidencia e gravidade dos trastornos fisiolóxicos ocasionados pola dor aguda.

Neste tema imos abordar as principais técnicas de analxesia rexional empregadas na dor postoperatoria.

- 1. Analxesia espíñal.** Proporciona unha moi boa calidade analxésica na dor aguda postoperatoria. Pode utilizarse tanto a vía subaracnoidea como a vía epidural. Os fármacos empregados adoitan ser anestésicos locais, opiáceos e a combinación de ambos os dous.
 - Analxesia subaracnoidea.
 - Analxesia epidural: é a modalidade de analxesia máis utilizada no tratamento da dor aguda postoperatoria tras cirurxía ortopédica, cirurxía dixestiva, cirurxía urolóxica e torácica. Para a cirurxía torácica e a dixestiva alta recoméndase colocar o catéter á altura de T7-T10. Para a cirurxía de hemiabdomen inferior e ortopédica, á altura de L2-L4.
- 2. Bloqueo paravertebral.** É unha técnica doada de realizar, con poucas complicacións, indicada principalmente en cirurxía torácica, mastectomías e colecistectomías subcostais. O bloqueo pode realizarse por punción única, pero xeralmente o cirurxián coloca un catéter a ceo aberto ou o anestesiólogo un percutáneo, que permite a administración dunha perfusión continua de anestésico local.
- 3. Analxesia interpleural.**
- 4. Bloqueo intercostal.** É efectivo para o control da dor asociada a fracturas costais unilaterais e no tratamento da dor postoperatoria de cirurxía torá-

cica. A administración de 3-5 ml de solución anestésica no traxecto do nervio intercostal proporciona unha boa analxesia.

- 5. Analxesia a través de bloqueos periféricos.** Os bloqueos dos nervios periféricos con anestésicos locais de longa duración proporcionan unha excelente analxesia intraoperatoria e permiten colocar un catéter para analxesia postoperatoria.

5.1. Cirurxía do membro superior:

- **Cirurxía do ombro:** a técnica de elección é o bloqueo interescalénico deixando un catéter. Está contraindicada en pacientes con enfermidade respiratoria porque se produce parálise do nervio frénico. O bloqueo supraclavicular é unha alternativa que se usa pouco debido á súa alta incidencia de pneumotórax.
- **Cirurxía maior do codo e cirurxía maior da man:** a colocación dun catéter axilar permite obter unha analxesia de calidade e unha vasodilatación que favorece a boa vascularización da extremidade intervida. O bloqueo infraclavicular proporciona analxesia da totalidade do brazo e é a técnica de elección cando se pretende manter un catéter durante un longo período de tempo.

Coa introdución da ecografía na técnica dos bloqueos para a localización dos plexos nerviosos e nervios periféricos, moitos dos inconvenientes e complicacións antes descritas obviáronse e tamén permitiu unha redución nas doses de medicación.

Para as doses e fármacos usados nestas técnicas remitímosvos ao capítulo de protocolos en dor aguda.

5.2. Cirurxía do membro inferior:

- **Prótese total de cadeira:** a analxesia epidural ou o bloqueo femoral continuo permiten unha analxesia de boa calidade. O bloqueo femoral con inxección única permite unha analxesia limitada, pero que pode alcanzar as 12 primeiras horas do postoperatorio.
- **Fractura de fémur:** a analxesia de nervio femoral a dose única pode ser unha técnica eficaz.
- **Cirurxía de xeonllo:** o bloqueo do nervio femoral en inxección única ou por catéter é recomendable nas próteses total de xeonllo e na cirurxía ligamentosa.
- **Cirurxía de pé:** en cirurxías grandes é recomendable a colocación dun catéter á altura do ciático. En cirurxía menor o bloqueo ciático en inxección única é unha técnica moi eficaz xa que consegue analxesia durante as primeiras 12 horas.

6. **Analgesia con catéteres multiperforados:** situados na zona da ferida cirúrxica.
7. **Bloqueos da parede abdominal:** TAP.

BIBLIOGRAFÍA

1. Juan Carlos Tornero Tornero, Luis Aliaga Font. "Protocolos de dolor postoperatorio mediante anestesia regional y bloqueos nerviosos". VII Reunión da Sociedade da Dolor (Valencia 2004).
2. Elena Catalá, Marta Ferrándiz, Mercé Genové. Manual del tratamiento del dolor. Publicaciones Permanyer, 2.^a edición, 2008.

ACTUACIÓN DE ENFERMERÍA FRONTE Á DOR NO PACIENTE HOSPITALIZADO E EN CMA

R.M. Pernas Martínez, M.B. Taboada Cutrín, M.I. Sánchez Penas

Obxectivo

- Sistematizar o recoñecemento e a medición da dor.
- Homoxeneizar os coidados de enfermmería na dor.
- Proporcionarlle a analxesia axeitada ao paciente.
- Ensinarlle ao paciente e á súa familia a controlar a dor.

Material e métodos

- Escalas de valoración da dor: verbal, visual analóxica e pediátrica
- Rexistros de enfermmería: comentarios evolutivos

Procedemento

- Realizar unha valoración da dor no momento do ingreso do paciente. Escalas recomendadas:
 - Paciente consciente: escala verbal simple ou escala visual analóxica.
 - Paciente inconsciente: datos obxectivos (cambios de T. A., pulso e respiración, dilatación de pupilas, sudación, náuseas, vómitos, expresión facial da dor).
 - Paciente pediátrico:
